



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 432

IX lexislatura

18 de marzo de 2015

Fascículo 2

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 34999 (09/MOC-000114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector lácteo. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 32591, publicada no BOPG nº 411, do 06.02.2015, e debatida na sesión plenaria do 10.03.2015)

[104345](#)

- 35013 (09/MOC-000115)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal dos centros públicos de atención ás persoas con discapacidade e a prestación dunha atención integral e de calidade ás persoas usuarias. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 33220, publicada no BOPG nº 414, do 11.02.2015, e debatida na sesión plenaria do 10.03.2015)

[104347](#)

- 35016 (09/MOC-000116)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha estratexia industrial galega e as actuacións que debe recoller. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 29026, publicada no BOPG nº 360, do 23.10.2014, e debatida na sesión plenaria do 10.03.2015)

[104349](#)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 34529 (09/PNP-002526)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa loita contra a fraude fiscal que está a levar a cabo a Axencia Tributaria de Galicia [104351](#)

- 34538 (09/PNP-002527)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para atallar as prácticas que vulneran a libre competencia e a modificación do seu réxime sancionador [104356](#)

- 34545 (09/PNP-002528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 3 máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan galego de emprego feminino, así como as medidas que debe recoller [104358](#)

- 34553 (09/PNP-002529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción do novo edificio xudicial da Parda, en Pontevedra [104362](#)

- 34558 (09/PNP-002530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de modificación dos postos de traballo, publicada en abril de 2014 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, relativa aos parques naturais de Galicia [104365](#)

- 34575 (09/PNP-002531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a remisión por parte do Goberno galego ao Parlamento de Galicia de expediente do proceso de contratación da execución das obras da Autovía da Costa da Morte, adxudicado ao Consorcio Autoestrada da Costa da Morte [104368](#)

- 34584 (09/PNP-002532)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso de produtos alimentarios como reclamo polas grandes empresas, así como as súas prácticas de venda a perdas [104371](#)

- 34597 (09/PNP-002533)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre o impulso polo Goberno galego do réxime de xestión directa por persoal funcionario para o servizo público de prevención e intervención en emerxencias na provincia da Coruña [104373](#)

- 34603 (09/PNP-002534)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da supresión do artigo 35 do proxecto de lei do estatuto da vítima do delito [104376](#)

- 34617 (09/PNP-002535)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza que ordena a demolición das partes dun edificio que invaden a zona de servidume de protección no concello de Sanxenxo e anula un acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de novembro de 2011 [104377](#)

- 34622 (09/PNP-002536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a adopción de medidas pola Xunta de Galicia en relación coas verteduras de hidrocarburos que se veñen producindo na ría da Coruña [104379](#)

- 34657 (09/PNP-002537)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen, e Martínez García, María Consuelo

Sobre a provisión pola Xunta de Galicia de gardarías a todos os centros de traballo da Administración galega, garantindo a adaptación dos seus horarios de apertura ás necesidades dos empregados públicos [104382](#)

- 34661 (09/PNP-002538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co establecemento dun novo modelo enerxético [104384](#)

- 34667 (09/PNP-002539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza na que se estima a demanda referida á vixencia do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da [104390](#)

- 34674 (09/PNP-002540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanción imposta pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia a once empresas do sector lácteo e a situación deste en Galicia [104393](#)

- 34683 (09/PNP-002541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa profesión de enfermaría [104396](#)

- 34688 (09/PNP-002542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a publicación pola Xunta de Galicia dunha orde de axudas dirixidas ao apoio da produción de videoclips en lingua galega de grupos musicais de Galicia, así como o establecemento na primeira canle da TVG dunha programación que difunda a creación musical galega [104400](#)

- 34693 (09/PNP-002543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as repercusións no sector agrario da modificación fiscal da tributación das sociedades civís [104403](#)

- 34699 (09/PNP-002544)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a demanda polo Goberno galego para Galicia dos mesmos dereitos que os recoñecidos ao País Vasco en relación coa aplicación de determinadas cuestións recollidas na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa [104406](#)

- 34701 (09/PNP-002545)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que establece o ordenamento das ensinanza universitarias oficiais [104409](#)

- 34711 (09/PNP-002546)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de privatización do Rexistro Civil [104412](#)

- 34720 (09/PNP-002547)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre o recoñecemento polo Goberno galego da categoría profesional de bombeiro forestal a diversas denominacións de persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais [104415](#)

- 34738 (09/PNP-002548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co transporte, as infraestruturas viarias, o estado medioambiental da ría e o tratamento de residuos da Coruña [104417](#)

- 34744 (09/PNP-002549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel e 6 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do Tratado transatlántico de comercio e investimento (ou TTIP), que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europeamedioambiental da ría e o tratamento de residuos da Coruña [104421](#)

- 34750 (09/PNP-002550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co contrato privado asinado pola Axencia de Turismo coa

produtora do videoclip de Enrique Iglesias para a promoción do turismo de Galicia [104426](#)

- 34765 (09/PNP-002551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 7 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central das cantidades que debera recibir Galicia polas derogadas taxas xudiciais para sufragar os gastos da quenda de oficio da provincia de Pontevedra [104428](#)

- 34769 (09/PNP-002552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 3 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, introducindo unha excepción para os destinados ao transporte de madeira en rolo no referido ao peso e lonxitude máximos autorizados [104431](#)

- 34774 (09/PNP-002553)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para posibilitar, desde o respecto á autonomía dos centros educativos, a progresiva implantación do xadrez con carácter transversal e específico nos currículos de educación primaria e ESO [104434](#)

- 34781 (09/PNP-002554)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 7 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de mercados excelentes que poña en valor e incentive as posibilidades dos mercados e prazas de abastos de Galicia [104438](#)

- 34784 (09/PNP-002555)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a realización polo Goberno galego dunha auditoría independente que fiscalice o retorno, en termos de creación de novos empregos e desenvolvemento e consolidación de novas actividades industriais, dos investimentos levados a cabo con cargo ao Plan Ferrol [104440](#)

- 34790 (09/PNP-002556)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento público da campaña publicitaria titulada *A innovación e a competitividade na industria de Galicia. Cara á fábrica do futuro* [104442](#)

- 34795 (09/PNP-002557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas verteduras de hidrocarburos que se veñen producindo na ría da Coruña [104444](#)

- 34800 (09/PNP-002558)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun rexistro especial de vivendas baleiras [104448](#)

- 34804 (09/PNP-002560)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre o reforzo polo Goberno galego do cadro de persoal e os medios materiais do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria de Lugo [104450](#)

- 34809 (09/PNP-002561)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para dotar dun sistema de climatización, así como dunha aplicación informática específica do programa Minerva, o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria de Lugo [104452](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 35063 (09/PUP-000187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 4 máis

Sobre o motivo da redución para o ano 2015 do período de apertura da residencia de tempo libre do Carballiño [104454](#)

- 35175 (09/PUP-000188)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel e 6 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa trama de corrupción político-empresarial coñecida como Operación Zeta [104456](#)

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 35031 (09/POPX-000121)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre as dimisións producidas na Comisión de Bioética, dependente da Consellería de Sanidade [104458](#)

- 35083 (09/POPX-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a presentación de candidatos e candidatas ás vindeiras eleccións municipais [104459](#)

- 35174 (09/POPX-000123)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións previstas para reverter a situación da sanidade pública galega [104460](#)

- 35176 (09/POPX-000124)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións previstas para reverter os efectos que están a producir a crise económica e o desemprego na cidadanía [104461](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de marzo de 2015, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 34999 (09/MOC-000114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector lácteo. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 32591, publicada no BOPG nº 411, do 06.02.2015, e debatida na sesión plenaria do 10.03.2015)

- 35013 (09/MOC-000115)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal dos centros públicos de atención ás persoas con discapacidade e a prestación dunha atención integral e de calidade ás persoas usuarias. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 33220, publicada no BOPG nº 414, do 11.02.2015, e debatida na sesión plenaria do 10.03.2015)

- 35016 (09/MOC-000116)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha estratexia industrial galega e as actuacións que debe recoller. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 29026, publicada no BOPG nº 360, do 23.10.2014, e debatida na sesión plenaria do 10.03.2015)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 34529 (09/PNP-002526)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa loita contra a fraude fiscal que está a levar a cabo a Axencia Tributaria de Galicia

- 34538 (09/PNP-002527)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para atallar as prácticas que vulneran a libre competencia e a modificación do seu réxime sancionador

- 34545 (09/PNP-002528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 3 máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan galego de emprego feminino, así como as medidas que debe recoller

- 34553 (09/PNP-002529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción do novo edificio xudicial da Parda, en Pontevedra

- 34558 (09/PNP-002530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de modificación dos postos de traballo, publicada en abril de 2014 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, relativa aos parques naturais de Galicia

- 34575 (09/PNP-002531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a remisión por parte do Goberno galego ao Parlamento de Galicia de expediente do proceso de contratación da execución das obras da Autovía da Costa da Morte, adxudicado ao Consorcio Autoestrada da Costa da Morte

- 34584 (09/PNP-002532)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso de produtos alimentarios como reclamo polas grandes empresas, así como as súas prácticas de venda a perdas

- 34597 (09/PNP-002533)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre o impulso polo Goberno galego do réxime de xestión directa por persoal funcionario para o servizo público de prevención e intervención en emerxencias na provincia da Coruña

- 34603 (09/PNP-002534)

Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da supresión do artigo 35 do proxecto de lei do estatuto da vítima do delito

- 34617 (09/PNP-002535)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza que ordena a demolición das partes dun edificio que invaden a zona de servidume de protección no concello de Sanxenxo e anula un acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de novembro de 2011

- 34622 (09/PNP-002536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel

Sobre a adopción de medidas pola Xunta de Galicia en relación coas verteduras de hidrocarburos que se veñen producindo na ría da Coruña

- 34657 (09/PNP-002537)

Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen, e Martínez García, María Consuelo
Sobre a provisión pola Xunta de Galicia de gardarías a todos os centros de traballo da Administración galega, garantindo a adaptación dos seus horarios de apertura ás necesidades dos empregados públicos

- 34661 (09/PNP-002538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co establecemento dun novo modelo enerxético

- 34667 (09/PNP-002539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza na que se estima a demanda referida á vixencia do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia

- 34674 (09/PNP-002540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanción imposta pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia a once empresas do sector lácteo e a situación deste en Galicia

- 34683 (09/PNP-002541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa profesión de enfermaría

- 34688 (09/PNP-002542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a publicación pola Xunta de Galicia dunha orde de axudas dirixidas ao apoio da produción de videoclips en lingua galega de grupos musicais de Galicia, así como o establecemento na primeira canle da TVG dunha programación que difunda a creación musical galega

- 34693 (09/PNP-002543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as repercusións no sector agrario da modificación fiscal da tributación das sociedades civís

- 34699 (09/PNP-002544)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a demanda polo Goberno galego para Galicia dos mesmos dereitos que os recoñecidos ao País Vasco en relación coa aplicación de determinadas cuestións recollidas na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

- 34701 (09/PNP-002545)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais

- 34711 (09/PNP-002546)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de privatización do Rexistro Civil

- 34720 (09/PNP-002547)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre o recoñecemento polo Goberno galego da categoría profesional de bombeiro forestal a diversas denominacións de persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

- 34738 (09/PNP-002548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co transporte, as infraestruturas viarias, o estado medioambiental da ría e o tratamento de residuos da Coruña

- 34744 (09/PNP-002549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel e 6 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do Tratado transatlántico de comercio e investimento (ou TTIP), que

están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea

- 34750 (09/PNP-002550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co contrato privado asinado pola Axencia de Turismo coa produtora do videoclip de Enrique Iglesias para a promoción do turismo de Galicia

- 34765 (09/PNP-002551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 7 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central das cantidades que debera recibir Galicia polas derogadas taxas xudiciais para sufragar os gastos da quenda de oficio da provincia de Pontevedra

- 34769 (09/PNP-002552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 3 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, introducindo unha excepción para os destinados ao transporte de madeira en rolo no referido ao peso e lonxitude máximos autorizados

- 34774 (09/PNP-002553)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para posibilitar, desde o respecto á autonomía dos centros educativos, a progresiva implantación do xadrez con carácter transversal e específico nos currículos de educación primaria e ESO

- 34781 (09/PNP-002554)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 7 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de mercados excelentes que poña en valor e incentive as posibilidades dos mercados e prazas de abastos de Galicia

- 34784 (09/PNP-002555)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a realización polo Goberno galego dunha auditoría independente que fiscalice o retorno, en termos de creación de novos empregos e desenvolvemento e consolidación de novas actividades industriais, dos investimentos levados a cabo con cargo ao Plan Ferrol

- 34790 (09/PNP-002556)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento público da campaña publicitaria titulada *A innovación e a competitividade na industria de Galicia. Cara á fábrica do futuro*

- 34795 (09/PNP-002557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas verteduras de hidrocarburos que se veñen producindo na ría da Coruña

- 34800 (09/PNP-002558)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun rexistro especial de vivendas baleiras

- 34804 (09/PNP-002560)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre o reforzo polo Goberno galego do cadro de persoal e os medios materiais do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria de Lugo

- 34809 (09/PNP-002561)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para dotar dun sistema de climatización, así como dunha aplicación informática específica do programa Minerva, o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria de Lugo

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 35063 (09/PUP-000187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 4 máis
Sobre o motivo da redución para o ano 2015 do período de apertura da residencia de tempo libre do Carballiño

- 35175 (09/PUP-000188)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel e 6 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa trama de corrupción político-empresarial coñecida como Operación Zeta

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 35031 (09/POPX-000121)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre as dimisións producidas na Comisión de Bioética, dependente da Consellería de Sanidade

- 35083 (09/POPX-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a presentación de candidatos e candidatas ás vindeiras eleccións municipais

- 35174 (09/POPX-000123)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as actuacións previstas para reverter a situación da sanidade pública galega

- 35176 (09/POPX-000124)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións previstas para reverter os efectos que están a producir a crise económica e o desemprego na cidadanía

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2015

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Pablo García García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 11 de marzo de 2015, sobre as propostas presentadas polo Goberno galego ao Goberno central para a súa inclusión no futuro decreto referido ao denominado “paquete lácteo” (09/INT-001218, doc. núm. 32591)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Instar o Goberno do Estado para que a sanción imposta pola CNMC a algunhas industrias lácteas de 88,2 millóns de euros, mediante un programa de axudas acabe revertendo nos produtores.
2. Trasladar á CNMC a necesidade a raíz do expediente realizado, en afondar na investigación de prácticas similares as desenvolvidas polas industrias, e polo tanto ilegais, levadas a cabo polas Cadeas de Distribución Alimentaria que operan en todo o Estado.
3. Realizar un plan claro, con un seguimento periódico, e de forma sistemática de inspeccións e sancións se son pertinentes, en todas as superficies comerciais galegas de cara a dar cumprimento da Lei de cadea alimentaria.
4. Establecer un foro permanente a nivel galego de produtores, industria e distribución implicados no sector lácteo liderado pola Consellería de Medio Rural e do Mar.
5. Elaborar un plan específico de apoio o sector lácteo con orzamento para paliar os posibles efectos negativos que terá que abordar neste primeiro ano de desaparición do sistema de cota láctea.
6. Que o Consello Galego da Competencia desenvolva un protocolo específico de actuacións para este sector en Galicia dados os precedentes recollidos incluso nos seus propios informes.

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2015

Asdo.: Pablo García García
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 13/03/2015 13:22:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Jose Luis Méndez Romeu na data 13/03/2015 13:23:00

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Carmen Gallego Calvar**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 11 de marzo de 2015, sobre a política de persoal na xestión pública da discapacidade (09/INT-001237, doc. núm. 33220)

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Repoñer os postos de traballo suprimidos e/ou amortizados da Consellería de Traballo e Benestar nos centros públicos de atención ás persoas con discapacidade, persoas maiores, persoas autónomas, dependentes, centros de menores, para situalos a niveis cando menos do ano 2009.
- 2.- Respetar as condicións laborais das traballadoras e dos traballadores destes centros públicos aprobadas no V convenio.
- 3.- Elaborar un plan de investimento para modernizar os edificios e repoñer os materiais precisos para que se poida prestar unha atención integral pública e de calidade ás persoas usuarias destes centros, á vez que melloran as condicións de traballo do persoal destes centros.
- 4.- Recuperar os recursos económicos dos que se viñan dispoñendo para as actividades de estimulación, cultura e lecer das persoas usuarias destes centros.

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2015

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu



 **Grupo Parlamentario**

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 13/03/2015 14:07:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Jose Luis Méndez Romeu na data 13/03/2015 14:07:33



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por iniciativa da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro no disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a **Interpelación núm. 09/INT-001058 (29.026)** debatida na sesión plenaria celebrada o 10 de marzo do 2015, sobre a política industrial da Xunta de Galicia.

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que con carácter de urxencia elabore unha estratexia industrial galega que permita reverter o proceso de desmantelamento industrial e de perda de emprego asociada a este, que ten en Ferrolterra un axente paciente desgrazadamente exemplar, sentando as bases dun modelo industrial sustentable afincado no pulo á economía produtiva, que entre outras desenvolva os seguintes epígrafes:

- I.- Constitución dun instituto industrial galego, quen de pular pola xeración de novas iniciativas públicas, sociais e privadas de diversificación e sustentabilidade no eido da industria
- II.- Elaboración participada polos axentes sociais e institucións públicas dunha estratexia de reindustrialización para Galicia dotada dunha memoria económica congruente coa importancia deste sector produtivo para o noso futuro.
- III.- Desenvolvemento dun plan especial de emprego industrial, que sirva para recuperar os máis de 60.000 postos de traballo liquidados no deserto industrial Núñez Feijóo.
- III.- Definición dun plan industrial de choque para Ferrolterra.
- IV.- Construción do dique flotante e dun novo dique seco nos estaleiros públicos da ría de Ferrol.
- V.- Plan integral para Navantia Fene para retornar ao mercado da construción naval civil pública.
- VI.- Definición dun plan industrial para os estaleiros públicos Navantia negociado e acordado coas centrais sindicais de clase.
- VII.- Constitución dun centro de investigación conformado por Navantia, universidade e ministerio para desenvolver os procesos de investigación e innovación.

VII.- Disposición inmediata dunha liña de crédito público industrial urxente para afortalar novas iniciativas da economía social e empresarial.

IX.- A realización dunha auditoría independente sobre os recursos empregados no Plan Ferrol 2007-2014 e o seu retorno en termos de emprego e novas actividades económicas consolidadas para diversificar o tecido industrial da bisbarra.

X.- Depuración de responsabilidades políticas pola inexistencia, logo de máis de 3 anos, de elementos tan fundamentais para unha estratexia industrial como o plan director da industria Galega ou o Consello Galego da Industria.

XI.- Demisión da dirección da SEPI e de Navantia pola pésima xestión realizada nestes anos.

En Compostela, a 13 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/03/2015 14:31:07

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Existe unanimidade e un amplo consenso entre as formación políticas cando se trata de apoiar, cando menos en termos xerais, a loita contra a fraude fiscal. Pero esta vontade xeral cara ao exterior se transforma, en falta de claridade e opacidade, cando se tenta de controlar ou coñecer a labor que efectúa a Axencia Tributaria de Galicia neste sentido. Pese a que unha das razóns, esgrimidas para a constitución de tal Axencia, era precisamente o acadar un incremento real na loita contra a fraude fiscal.

A nivel autonómico existe o denominado “*plan xeral de control tributario*”; o último coñecido é para o ano 2014, publicado no DOGA do 28 de maio de 2014, case que a mediados de ano, cando parecería o lóxico fora aprobado a finais do ano anterior. O correspondente ao ano 2015 aínda non foi publicado no DOGA, pese ao tempo transcorrido..

Pero dito “plan autonómico” é un conxunto de directrices moi xerais e escasamente clarificadoras. Ademais de non conter ningún tipo de obxectivo cuantificado, como por exemplo, obter información singularizada por figuras tributaria. Para o exercicio do 2014, se recollía o obxectivo de tipo xeral de acadar 50 millóns de euros polo incremento de ingresos tributarios. Ten pois unha finalidade moi limitada e non da conta da labor inspectora coa mínima precisión que sería esixible.

 Grupo Parlamentario

Xurde así o chamado ATRIGA (Plan especial de control da Axencia Tributaria de Galicia) pero con escasa, ou mais ben nula, formación relevante.

As propostas anteriores realizadas neste sentido por este grupo parlamentario para ter coñecemento e control de tales cuestións cun mínimo grao de precisión, nunca contaron co apoio do grupo maioritario desta Cámara. Así foi rexeitada, entre outras, a de que a Xunta remitise un Plan contra a loita fiscal ao Parlamento galego e dese conta periódica do seu grao de cumprimento á Cámara, cuestión perfectamente compatible co carácter reservado que o artigo 116 da Lei xeral tributaria fixa para as actuacións concretas.

Así pois, existe unha nula información sistematizada por parte da Xunta de Galicia ao respecto, tanto cara a este Parlamento como a cidadanía en xeral. Unicamente se ofrecen unhas “Notas informativas”, en reunións do Consello da Xunta de Galicia, pero que basicamente están chamadas a cubrir os espazos dos medios de comunicación, a “maior gloria” do executivo autonómico. Pero sen información substancial ao respecto, nin datos contrastables, nin recadación por cada figura impositiva, etc.

Incluso da lectura e comparación desas “notas informativas” - entregadas nos consellos da Xunta de Galicia do 5 de xuño de 2014 e do 26 de febreiro de 2015 polo propio Goberno - dan lugar a sorprendentes conclusións:

- Para o último ano do 2014, o volume detectado de importes non declarados se reduciu nun 66 % en relación ao ano anterior.
- Dos 150 millóns do 2013, pasouse a 50,7 millóns no 2014.
- Das 229.887 comprobacións do ano 2013 nos impostos de sucesións e doazóns e dos ITAXD, pasouse ao parecer no 2014 a realizar 115.600 comprobacións. Menos da metade.

Grupo Parlamentario

- Se di que para o ano 2014 se logrou acadar o 100 % da previsión inicial de importes non declarados, que ascendían a 50 millóns de uros. Pero e necesario recordar que nesta previsión se incluían tres tipos de actuacións, relativas ás de:

- Asistencia e información.
- Control (xa sexa extensivo ou de carácter masivo ou selectivo para as *“formas máis graves e complexas da fraude fiscal”*, como a que propón esta iniciativa), propiamente o que coñecemos como a inspección fiscal.
- Xestión recadatoria propiamente dita.

Segundo a información facilitada, o importe da labor inspectora ou de control por parte da Axencia Tributaria ascendeu no 2014 a 15 millóns de euros, o 15 % unicamente do total dado a coñecer; o resto - 35 millóns de euros, o 85 % do total pois - foi consecuencia das actuacións propias da Administración en temas como o da información, asistencia ou recadación, que non poden ser equiparadas á inspección tributaria.

Polo tanto, os datos reais da inspección, son moito menores e menos espectaculares dos que tenta transmitir a Xunta de Galicia.

Tendo en conta que as figuras impositivas sobre as que ten capacidade inspectora ou de control a Xunta de Galicia, teñen un importe aproximado de 600 millóns de euros, unha porcentaxe do 2,5 % de aumento de recadación por labor inspectora, non parece un dato sumamente relevante ou significativo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

“ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, incrementar a loita contra a fraude fiscal que leva a cabo a Axencia Tributaria de Galicia e presentar ante o Parlamento un informe previo á aprobación dos plans anuais de control tributario, que estableza os obxectivos xerais e singularizados para cada figura tributaria, aumentado substancialmente a información facilitada con respecto á que se ofrece na actualidade, afondando no seu grao de precisión e cuantificación, á vez que a dar conta do grao de execución obtido en cada exercicio económico“.”

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 05/03/2015 18:44:19

Carmen Gallego Calvar na data 05/03/2015 18:44:37

Juan Carlos González Santín na data 05/03/2015 18:44:45

Pablo García García na data 05/03/2015 18:44:53

María Soledad Soneira Tajés na data 05/03/2015 18:44:57

María Concepción Burgo López na data 05/03/2015 18:45:03

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 05/03/2015 18:45:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/03/2015 18:45:10

Raúl Fernández Fernández na data 05/03/2015 18:45:15

Manuel Vázquez Fernández na data 05/03/2015 18:45:49

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 05/03/2015 18:45:57

Beatriz Sestayo Doce na data 05/03/2015 18:46:02

 Grupo Parlamentario

José Manuel Gallego Lomba na data 05/03/2015 18:46:07

María del Carmen Acuña do Campo na data 05/03/2015 18:46:15

José Antonio Sánchez Bugallo na data 05/03/2015 18:46:18

José Ramón Val Alonso na data 05/03/2015 18:46:23

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/03/2015 18:46:30

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 05/03/2015 18:46:35

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa da deputada **M^a Consuelo Martínez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de Lei**, para o seu debate en **Pleno**, relativa ao réxime de sanción á vulneración da competencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Sectores económicos estratéxicos, for para o país ou para o conxunto do Estado, están sometidos a un réxime de oligopolio no que tres ou catro actores regulan á súa comenencia ás condicións do mercado que controlan.


Os recentes exemplos nos combustíbeis derivados do petróleo ou sector lácteo, son unha mostra de prácticas fraudulentas que case sempre se descubren e sancionan demasiado tarde, en contías que pagan cunha pequena parte do lucro da fraude e se perseguen con escasos medios.

Rematar cos escándalos dos acordos para fixar o prezo dos combustíbeis ou das recentes sancións ás empresas lácteas ás que se sanciona cunha multa que é unha décima parte do que se estima como beneficio ilexítimo das empresas é unha urxencia que non admite demora.

Por todo o dito, presentase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Demandar ao Goberno do Estado que dote á Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia, de recursos suficientes para atallar as prácticas contrarias á libre competencia.



2. Demandar ao Goberno do Estado para que con carácter urgente se modifique o réxime sancionador ás vulneracións graves á competencia de xeito que:
 - a) Se vencelle estreitamente o importe da sanción ao lucro ilexítimo rematando coa actual situación na que a fraude resulta un negocio para os responsábeis.
 - b) Se destine a totalidade das sancións, nunca inferior á fraude, a compensar aos damnificados nos prezos.
3. Para os casos de empresas reincidentes en vulneracións graves, prever a intervención das mesmas polo Estado.


Pazo do Parlamento a 06 de marzo de 2015

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 06/03/2015 10:06:27





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das deputadas **María do Carme Adán Villamarín, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

Diferentes estudos e informes recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas. A fenda salarial acentúase e o risco de exclusión social das mulleres tamén é maior. Asemade, o desigual reparto de responsabilidades á hora de asumir o traballo non remunerado supón que a maternidade sexa un factor de penalización sobre o emprego das mulleres.

As políticas de recortes impulsadas polo PP frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivel lexislativo como de realización de programas concretos. Por exemplo, a paralización da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza. Así, podemos comprobar como por unha banda, as mulleres de menos de 35 anos abandonan o mercado de traballo porque emigran e as maiores de 45 anos están condenadas a perder o seu emprego e tamén os anos de cotización. Ante esta situación e cos novos datos aportados polos informes realizados polas Secretarías da muller dos sindicatos galegos é necesario activar medidas para modificar esta situación.

Por isto presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Dar cumprimento ao artigo 37 da lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e elaborar un Plan galego de emprego feminino que contemple entre outros os seguintes puntos:

- 1.1. Establecemento dunha prestación específica para os períodos de redución de xornada ou excedencia por coidado de familiares ou para a realización de estudos para a mellora profesional.

- 1.2. Liña de axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres de máis de 45 anos.

- 1.3. Creación dunha “Axuda para desempregadas con longa traxectoria laboral” dirixida a todas as mulleres desempregadas maiores de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior aos 30 anos de cotización, que esgotaron as prestacións, cunha contía mínima igual ao Salario mínimo Interprofesional (SMI) e con carácter indefinido, mentres non se atope emprego. Esta prestación virá acompañada por un proceso da atención personalizada no que se elaborara un itinerario con todas aquelas medidas necesarias para garantir a reincorporación ao mercado laboral das mulleres maiores.

- 1.4. Creación dun grupo especial de traballo sobre a fenda salarial en Galiza no seo da Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na Negociación colectiva que presente medidas concretas no prazo de tres meses.

- 1.5. Impulso da rede pública de servizos sociais: incremento de prazas nas escolas infantís, centros de día, residencias da terceira idade, servizos de axuda no fogar, teleasistencia, etc.

2. Demandar do Goberno do Estado que impulse as seguintes medidas que favorezan a integración da muller no mercado laboral en condicións de igualdade:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.1. Aumentar o período de permiso maternal e paternal até os 6 meses, como incentivo para frear o abandono laboral das nais.

2.2. Bonificación total na cotización á Seguridade Social dos contratos de traballadoras que substitúan a outras que abandonaron o traballo por motivos relacionados co coidado de familiares a cargo.

2.3. Compensación en días de cotización naqueles casos de traballadores e traballadoras que interrompesen a súa carreira profesional por motivos de enfermidade grave ou coidado de familiares a cargo.”

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 06/03/2015 11:10:10

María Monserrat Prado Cores na data 06/03/2015 11:10:17



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 06/03/2015 11:10:21

María Tereixa Paz Franco na data 06/03/2015 11:10:26

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Beatriz Sestayo Doce, M^a Soledad Soneira Tajés e Ricardo Vicente Docasar Docasar**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

En abril de 2013, o vicepresidente do Goberno galego aseguraba que o proxecto construtivo para o novo edificio xudicial de Pontevedra estaba practicamente ultimado. Un mes despois que, en canto estivese o proxecto rematado, se podería licitar. Sete meses despois, que agradecía a colaboración do Concello de Pontevedra que fixera o procedemento, aínda sen rematar, e, en xullo de 2014, que o proxecto para a construción do novo edificio xudicial podería sufrir unha serie de modificacións sobre a marcha, en función de como quedase finalmente a planta xudicial trala reforma lexislativa que impulsaba o Goberno de Mariano Rajoy.

En todo caso, sempre engadindo que non existían problemas orzamentarios e que a Xunta de Galicia empezaría a construír en canto tivese a parcela.

O que non dicía o vicepresidente era que consignara 10.000.000 euros para o edificio no orzamento de 2013; so 2.500.000 euros no orzamento de 2014 (pese a ter 500.000 euros en executar do exercicio 2013) e algo máis de 1.744.000 euros no orzamento de 2015 (pese a non ter executado nada dos 10.000.000 de euros iniciais). Tampouco que ese proxecto arquitectónico dun inmobile de 8 alturas, levantadas en torno a un gran patio central e que estará comunicado co actual edificio dos xulgados mediante unha pasarela elevada ninguén o ten visto; nin sequera os órganos xudiciais de Goberno de Pontevedra.

Ocorreu que, dende hoxe mesmo, os terreos nos que se construír o novo edificio xudicial de A Parda xa están rexistrados a nome do Concello de Pontevedra e tal circunstancia xa está en coñecemento da Xunta de Galicia,

Grupo Parlamentario

toda vez que era o requisito que esixía o Goberno para comezar as obras de construción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Neste ano 2015, proceda á licitación das obras do novo edificio xudicial de A Parda (en Pontevedra) e presente o proxecto básico e de execución do edificio.
2. Inmediatamente despois, comece as obras de maneira que o edificio estea en servizo antes de que remate o ano 2016.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2015

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Beatriz Sestayo Doce
M^a Soledad Soneira Tajés
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/03/2015 13:10:15

Beatriz Sestayo Doce na data 06/03/2015 13:10:24

María Soledad Soneira Tajés na data 06/03/2015 13:10:29

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 06/03/2015 13:10:44

Jose Luis Méndez Romeu na data 06/03/2015 13:10:49

 Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Beatriz Sestayo Doce, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas fixo unha proposta de modificación da relación de postos de traballo (RPT) no mes de abril do pasado ano. Esta proposta pretende amortizar 101 prazas de persoal público.

Como consecuencia, dentro da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, créanse dous servizos de Parques Naturais, un para a zona Norte e outro para a Sur de Galicia. Así:

- O da zona Norte asume a dirección da Reserva Nacional de Caza de Os Ancares, as funcións de dirección e xestión dos parques naturais das Fragas do Eume e do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, así como o seguimento das actuacións das xuntas consultivas destes parques e a realización das actuacións necesarias nos supostos de emerxencia que se podan producir no interior dos parques citados.
- da zona Sur, o mesmo respecto dos parques naturais de Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, do Invernadeiro e da Serra da Enciña da Lastra.

Di o Goberno que esta modificación avanza na necesaria coordinación e unidade de acción nos parques naturais de Galicia. Mais o que realmente ocorre é:

1. Amortízanse 5 postos de traballo.

Grupo Parlamentario



2. Na memoria non se explican os motivos polos que os novos postos han de ser cubertos por enxeñeiros agrícolas e forestais pero non por biólogos, cando antes eran estes segundos os que dirixían os parques.
3. Saltarse as provincias suporá unha desprotección efectiva destes espazos, posto que non semella posible facer dende Santiago a coordinación de todo o persoal implicado.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por tanto, os socialistas entendemos que deben seguir existindo o mesmo número de postos de directores de parques que ata o de agora porque son quen coñece directamente a realidade de cada espazo protexido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a deixar sen efecto a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, publicada en abril de 2014, respecto dos parques naturais de Galicia.

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2015

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Beatriz Sestayo Doce

Raúl Fernández Fernández

José Antonio Sánchez Bugallo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/03/2015 13:15:37



Grupo Parlamentario



Beatriz Sestayo Doce na data 06/03/2015 13:15:45

Raúl Fernández Fernández na data 06/03/2015 13:15:57

José Antonio Sánchez Bugallo na data 06/03/2015 13:16:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Jose Luis Méndez Romeu na data 06/03/2015 13:16:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A Autovía da Costa da Morte, prometida hai máis dunha década após a catástrofe do Prestige, continúa sen ser unha realidade. De feito ,ao longo dos últimos anos constatamos o regueiro de incumprimentos, mentiras e irresponsabilidade do PP en relación con esta infraestrutura. Así foron decisións arbitrarias do Goberno de Feijoo as que impediron que esta autovía puidera estar xa en servizo e constituíra un incentivo para a mellora das comunicacións, a vertebración do territorio e o impulso a novas actividades económicas que xeren emprego na Costa da Morte e Bergantiños.

Hai que poñer de manifesto a irresponsabilidade do PP que anulou o contrato que estaba adxudicado en 2008, abonando a administración 4,18 millóns de euros ao contratista en concepto de expropiacións (1,97 millóns de euros), execución de obras (0,09 millóns de euros) e redacción de proxecto (2,12 millóns de euros). Con posterioridade a Xunta redacta un novo proxecto que non só recorta o trazado previsto, senón que duplica o custe previsto. Ante o escándalo e alarma social a Xunta vese na obriga de anular o concurso e realiza un novo que compromete a finalización das obras no verán de 2013. A pesar dos notorios e recoñecidos incumprimentos de contrato da UTE concesionaria do prego de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicións, non só non actúa conforme ao contrato e a Lei de Contratos do Sector Público, senón que finalmente faise un novo recorte que reduce case a metade as obras e encarece significativamente o custe por km.

O BNG manifesta a súa total oposición a este novo recorte da Autovía e censura a subordinación da Xunta aos intereses dunha empresa privada. Un proceder que atenta contra os principios establecidos na lei sobre os criterios que deben rexer na administración pública e que ademais, pon de manifesto o desprezo e burla cara os veciños e veciñas da Costa de Morte e Bergantiños, que son tratados como cidadáns e cidadás de segunda.

Son moitos os aspectos que cumpre aclarar en relación con esta obra e as decisións adoptadas pola Xunta. Porén vemos como se está actuando con escurantismo e sen a pregoada transparencia. De feito, a pesar de existir un mandato claro do Regulamento da Cámara que recoñece a facultade de solicitar información e a obriga desta de remitila á Cámara este precepto incúmprese de maneira flagrante. O G. P. do BNG solicitou copia de toda a información relativa á modificación do contrato, porén esta non foi enviada,. Unha actitude escurantista e que pon en entre dito –mais unha vez- as promesas do Presidente en relación con este asunto. Preguntámonos que oculta a Xunta de Galiza neste expediente.

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a remitir o expediente íntegro do proceso de contratación, execución, seguimento e modificación das condicións establecidas para o contrato de adxudicación concesión de obra pública da Costa da Morte ao Consorcio “Autoestrada da Costa da Morte”.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 06/03/2015 17:56:42

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 06/03/2015 17:56:49

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu debate en **PLENO**, en relación á utilización de produtos alimentarios como reclamo e a estratexia da venda a perdas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é unha terra con unha grande riqueza natural e produtiva tanto a niveles alimentarios ou outros. A quen traballa esa riqueza chamáselle gandeiros e agricultores, e a quen maioritariamente vende os produtos, que estes recollen e traballan, chamáselles pequenos vendedores ou pequenas empresas. Polo tanto, o noso pobo está cheo de gandeiros e agricultores e de pequenos vendedores.

Estes pequenos vendedores, nos últimos anos, e cada vez máis, teñen moi difícil sobrevivir por mor dunhas grandes empresas que arrasan co mercado ás veces con prácticas abusivas e ilegais. Así, nestes últimos anos, estas grandes empresas comezaron a realizar un tipo de práctica chamada venda a perdas, coa cal venden os produtos por debaixo do prezo de custe, o que fai que grande parte dos consumidores merquen os seus produtos alimenticios nestas grandes empresas, o que non fai outra cousa que afogar aos pequenos vendedores que non poden achegarse ao prezo que impoñen os seus competidores máis forte e aos gandeiros e agricultores que están obrigados a vender os seus produtos o máis barato posíbel para adecuarse ao prezo do mercado posterior. Co cal, moitos destes vendedores están obrigados a pechar os seus negocios ao non poder competir con esas grandes empresas e os gandeiros e agricultores están obrigados a buscar novos compradores ou adicarse a outra cousa, posto que non conseguen cota de mercado.

Para combater este tipo de prácticas hai diferentes maneiras de actuar. Por un lado temos o marco legal no que o Estado Español prohibiu a venda a perdas tanto na Lei 3/1991 de Competencia desleal como na posterior Lei 7/1996 de Ordenación do comercio minorista, onde só se permite a venda a perdas para alcanzar o prezo dos teus competidores que teñan capacidade para afectar significativamente os teus prezos ou para diminuír as perdas, no caso de que os produtos estean moi próximos á data de caducidade. Ningún destes casos se da se falamos das prácticas de grandes empresas.

Ademais destas prácticas, as asociacións de agricultores e gandeiros, denuncian que hai algúns produtos, que son os chamados produtos reclamo, que son os que máis se dan en vender por debaixo do prezo de custe, co que estas grandes empresas chaman aos consumidores a que merquen máis nestes establecementos. Exemplos de produtos reclamo poden ser o leite, o polo e outro tipo de carne, entre outros moitos produtos susceptibles de ser usados como reclamo.

Por causa destas prácticas, as asociacións de agricultores e gandeiros calculan que no Estado Español foron obrigadas a pechar 1 de cada 5 granxas avícolas nos últimos 7 anos, e ocasionan perdas de máis de 18 millóns ao ano a este sector. Sen embargo, as actuacións das administracións contra este tipo de prácticas son máis ben escasas, limitándose na maioría dos casos a vixiar de maneira moi superficial que non se produzan este tipo de casos, que como vemos día tras día, seguen a producirse.

Por todo isto, o grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Actuar inmediatamente contra a utilización de produtos alimentarios como reclamo.
- 2) Investigar se se dan, e actuar, se é preciso, contra as prácticas de venda a perdas que as grandes empresas realicen no territorio galego.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 09/03/2015 11:09:27



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, ao través de Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á declaración de nulidade de oficio dos pregos do consorcio provincial contraincendios da Coruña para licitar o servizo de emerxencias.

“(...) declarar asimismo de oficio la nulidad del anuncio y de los pliegos de dicho contrato, ya que los mismos no se ajustan en absoluto a las exigencias derivadas de su verdadera naturaleza jurídica como contrato de servicios.” O acordo que transcribimos forma parte da resolución emitida polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais. Este órgano acaba de invalidar o proceso de licitación dos parques comarcais de bombeiros da Coruña. Faino ao resolver un dos recursos presentados por unha das empresas concorrentes.

A cerna do seu razonamento é que non nos atopamos diante dun verdadeiro contrato de xestión dun servizo público en réxime de concesión e sí cun contrato de servizos, dado que o futuro contratista non adquire risco empresarial algún; de onde se segue que os pregos que teñen unha estrutura propia das dos contratos de xestión de servizos público son inapropiados de raíz para a que é a xenuína natureza dun contrato de servizos.

Restan sen resolver outros recursos como o presentado pola plataforma de bombeiros públicos de Galicia, que tamén empregaba este razonamento crítico, para ir alén del e sinalar a condición de servizo público esencial onde se desempeña un exercicio de autoridade, elemento clave que limita o seu desempeño a persoal funcionario.

Polo anotado supra, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate plenario:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a impulsar - logo da declaración de oficio da nulidade do anuncio e dos pregos- , a xestión do servizo público de prevención e intervención en emerxencias na provincia da Coruña baixo o réxime de xestión directa por parte de persoal funcionario.

En Compostela, a 9 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 09/03/2015 13:29:49

Anton Sánchez García na data 09/03/2015 13:29:52

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O grupo Parlamentario Popular no Senado rexeitou as emendas propostas para modificar a previsión do proxecto de Estatuto das Vítimas de Delito. Nese Proxecto o artigo 35 sinala:

“La persona que se hubiera beneficiado de subvenciones o ayudas percibidas por su condición de víctima y que hubiera sido objeto de alguna de las medidas de protección reguladas en esta Ley, vendrá obligada a reembolsar las cantidades recibidas en dicho concepto y al abono de los gastos causados a la Administración por sus actuaciones de reconocimiento, información, protección y apoyo, así como por los servicios prestados, con un incremento del interés legal del dinero aumentado en un 50 %, en los siguientes casos:

- a) Si fuera condenada por denuncia falsa o simulación de delito.*
- b) Se dictare, con carácter firme, una sentencia absolutoria o un auto de sobreseimiento libre en los que se declarase la inexistencia de los hechos denunciados. “*

Considérase que, ante a dificultade probatoria nos delitos de violencia de xénero, ao pertencer á esfera privada, penalizar á muller se non se consegue demostrar os feitos perante o xuíz ou xuíza sería un forte argumento disuasorio para acudir á xustiza.



Tamén é desalentador o feito de que a sentenza teña como consecuencia que a muller acabe contraendo unha débeda co Estado cando é moi probable que as axudas concedidas é que se reclaman, tiveran sido o único ingreso que obtiveran.

Ter en conta que a previsión aplicárase tanto se a denunciante é condenada por denuncia falsa ou simulacro de delito como se se ditara, con carácter firme unha sentenza absolutoria ou un auto de sobresemento libre nos que se declarase a inexistencia dos feitos denunciados.

Polo anteriormente exposto presentase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno Central para modificar o proxecto de Estatuto da Vítima de Delito suprimindo o artigo 35.


Pazo do Parlamento a luns, 09 de marzo de 2015

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 09/03/2015 14:18:04



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O TSXG, en sentenza do pasado 19 de febreiro, estima parcialmente o recurso de Salvemos Pontevedra, anula un acordo da Xunta do 2011 e ordena "la restitución de los terrenos a su estado anterior, demoliendo las partes del edificio que -en su suelo y vuelos- invadan la zona de servidumbre de protección, sea en suelo como en vuelo", dado que consta acreditado que o edificio invade parcialmente a servidume de costas.

A sentenza anula a decisión do Consello da Xunta, de 24 de novembro de 2011, que tiña resolto sobreseer o expediente sancionador e de reposición da legalidade á promotora, dado que para o TSXG "el Acuerdo impugnado contrario a derecho por cuanto la declaración de sobreseimiento es improcedente respecto a la obligación de reposición de los terrenos al estado anterior a su ocupación por el inmueble litigioso". E iso que o acordo da Xunta do 2011 adoptouse en contra do instrutor.

A sentenza do TSXG é un golpe durísimo, tanto á Xunta como á propia administración estatal de costas e ao Concello de Sanxenxo e á credibilidade dos mesmos, e pon de manifesto as reiteradas chapuzas e irregularidades que ditas administracións realizaron en todo o procedemento.

Neste proceso ten responsabilidades o Goberno da Xunta de Galicia do señor Feijoo e están inmersos nel os nomes que fixeron do urbanismo de Sanxenxo o que é agora, un modelo insostible, depredador e que está a causar e causará gravísimos problemas nos próximos

anos ao Concello, Telmo Martín (ex-alcalde) e Encarnación Rivas (Secretaria Xeral de Urbanismo).

A ridícula actuación da Xunta de Galicia e de Costas do Estado é de tal magnitude que é preciso que se asuman responsabilidades políticas, máis, si cabe, cando tales personaxes son xa reincidentes neste tipo de infraccións cuxas consecuencias recaen sobre as arcas públicas.

Por todo isto, o Grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- 1) Asumir responsabilidades políticas derivadas da sentenza que ordena a demolición dun edificio que invade a zona de servidume de protección e anula un acordo do Consello da Xunta de Galicia de 24 de novembro de 2011.
- 2) Cesar á Secretaria Xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, pola súa actuación neste proceso e pola súa reincidente presenza en casos de irregularidades urbanísticas.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 09/03/2015 17:20:07



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, instando a Xunta de Galiza a tomar medidas contra os vertidos por hidrocarburos que se veñen producindo na ría da Coruña.

Comezan a ser excesivamente frecuentes as resolucións de prohibición de extracción de moluscos infaunais na ría do Burgo-Coruña nos últimos meses. Existe unha resolución de 12 de decembro de 2014 onde se prohíbe a extracción exclusivamente no banco Carniceiro que dura ata o día 18 de decembro de 2014, cando unha nova resolución levanta o peche. O día 29 de xaneiro deste ano péchase con carácter cautelar exclusivamente a zona delimitada pola liña imaxinaria que une o extremo da dársena de Oza co mirador do paseo marítimo da praia de Santa Cristina cara ao interior da ría do Burgo, prolongándose ata 13 de febreiro de 2015, momento en que é levantado o peche.

A isto sumouse o peche administrativo que provocou que estivera pechada a segunda quincena de febreiro pola presenza de biotoxinas.

O pasado sábado producíase un novo peche cautelar, pero desta vez de toda a ría da Coruña, isto é as augas costeiras comprendidas entre a cala do Dexo (E) e a punta de Alba (W) e a causa eran os Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos que unha vez máis o Intecmar evidencia que os niveis detectados son superiores aos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

legalmente establecidos, polo que se volve prohibir a extracción de moluscos infaunais.

Esta é unha situación extremadamente grave en tanto que afecta a un colectivo importante de mariscadoras/es e outros recolectores de recursos específicos como o percebe, etc. Un colectivo que xa ten uns cativos ingresos, que carece dun seguro que lle cubra este tipo de incidentes alleos á súa actividade, pero que os condena, unha vez máis, a quedar sen traballo e sen ingresos por falta de control, seguimento ou inspección de quen lle corresponda.

Ante esta situación, encontrámonos coa pasividade da Consellaría do Medio Rural e Mar, que non foi quen ata a data de detectar as causas dos anteriores derrames e co actual tampouco está a desenvolver unha acción dilixente para localizar aos responsables deste vertido pois todo parece indicar que a contaminación ven de fóra para dentro.

Falamos dun vertido que, cos medios con que conta tanto o Goberno central como a Xunta, non debería ser moi complicado determinar a causa e incluso quen foi o responsable de verter. A Consellaría fala de que non dispón de datos para proceder a nova apertura pero nada di das medidas adoptadas para esclarecer os feitos, para esixir responsabilidades nin das medidas adoptadas para que os mariscadores non sexan, unha vez máis os que sufran as consecuencias deste episodios, que non é outra que deixar de traballar e quedar sen ingresos.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas contra os vertidos por hidrocarburos que se veñen producindo na ría da Coruña”.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2015

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 09/03/2015 18:02:06

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 09/03/2015 18:02:12


Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa das súas deputadas, **Carmen Iglesias Sueiro e Consuelo Martínez García**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Os centros de traballo que contan con garderías supónlles beneficios ás persoas traballadoras, aos seus fillos e fillas e á organización que as incorpora.

Este tipo de garderías instaladas nos propios centros de traballo que promoven a conciliación entre a vida laboral e as persoas, producen beneficios obvios para as persoas traballadoras e para os seus fillos e fillas, xa que os tempos que pasan na gardería redúcese. Pero tamén supón un beneficio para a organización ou empresa que as incorpora pois elo fai persoas máis comprometidas, motivadas e satisfeitas que redunda nun menor custe para as empresas reflectido en menor absentismo laboral, menor rotación e máis produtividade. Así é recollido por diversos estudos: en empresas con ámbitos flexibles e familiarmente responsables as persoas traballadoras multiplican por tres o seu compromiso, o que se traduce nun aumento da produtividade e a competitividade.

Ademais, non se pode esquecer ao grande beneficiario das políticas de conciliación que, pese a elo, soe acabar excluído do debate: A infancia. A gardería no centro de traballo supón horarios máis sociais para os pequenos e pequenas; facilita o control das súas rutinas e reduce a estancia nas mesmas, permitindo aumentar o tempo compartido coa familia, todo o cal contribúe ao seu desenvolvemento e benestar.



Pero para que a gardería instalada no centro de traballo acade estes obxectivos, é imprescindible que estean adaptadas ao calendario laboral dos pais e das nais.

Polo exposto preséntase a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a prover de garderías todos os centros de traballo da Administración Galega garantindo horarios de apertura que respondan ás necesidades dos e das empregadas públicas.”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2015

Asdo.:


*Carmen Iglesias Sueiro
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

*Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 10/03/2015 15:05:44

María Consuelo Martínez García na data 10/03/2015 15:05:54





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A importancia estratéxica do sector enerxético é indiscutible. A pesar diso, a regulación eléctrica do Estado español foi desprazando a capacidade de intervención pública no devandito sector dende que en 1997 se iniciou a súa liberalización, que desembocou nun oligopolio empresarial, e con iso nun negocio redondo dun puñado de empresas que se reparten cada vez máis cuantiosos beneficios.

Recordemos que a patronal eléctrica UNESA engloba cinco grandes empresas enerxéticas, que son responsables do 70% da xeración eléctrica no Estado español, distribúen o 97% da enerxía que se consume e comercializan o 86% da electricidade.

Estímase, por outra parte, que esas cinco grandes empresas eléctricas que operan no Estado español sumaron 41.427 millóns de euros de beneficio neto durante o período posterior á liberalización eléctrica, comprendido entre os anos 2000 e 2012. O máis rechamante, é que no período de recesión económica, os prezos experimentaron un incremento exponencial, entrando nunha dinámica de crecemento continuado xustamente nunha época de crise e estancamento do consumo. Isto coincide coa información estatística de Eurostat, que constata que o prezo da enerxía eléctrica no Estado español é dos máis altos de Europa ao ter alcanzado importantes aumentos dende o ano 2007.

Así mesmo, un estudo divulgado en 2014, elaborado pola organización empresarial PIMEC, resalta que as empresas agrupadas en UNESA rexistraron nos seus principais



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resultados -cifra de negocios, EBITDA, EBIT, beneficio antes de impostos e beneficio neto- uns valores medios anuais superiores no período recesivo que no período expansivo. A cifra media de vendas é dun 34% superior; o EBITDA, un 42% maior, e o EBIT, un 28%. En canto a beneficios antes de impostos, aumentaron un 35% e o beneficio neto, un 39% máis. En suma, os beneficios medios anuais antes de impostos e netos foron superiores en período de recesión que no de expansión, malia a caída da demanda eléctrica, o que mostra claras evidencias de que as grandes empresas do sector eléctrico que operan en oligopolio compensaron a caída da demanda eléctrica cun incremento dos prezos, e que mantiveron un elevado nivel de consecución de beneficios, malia a crise económica, por diante de empresas doutros sectores económicos, sexan grandes empresas cotizadas ou pemes.

Ademais, habemos de recordar que nese período, ao mesmo tempo de recibir unha billonaria inxección de fondos dos denominados "custos de transición", tamén acumularon o denominado "deficit tarifario", o que sitúa ás grandes empresas eléctricas como acreedoras fronte ao Estado, por asumir hipoteticamente cuantiosas perdas derivadas da parte regulada dos prezos da enerxía durante eses anos.

O último dato aínda é máis escandaloso. En 2014, despois da última reforma enerxética, o beneficio das grandes empresas eléctricas que operan no Estado español disparouse. Así, as tres grandes eléctricas -Endesa, Iberdrola e Gas Natural Fenosa- obtiveron uns beneficios netos de 7.125,5 millóns de euros en 2014, o que supón un 20,8% máis que os 5.896 millóns de euros gañados en 2013. Ao mesmo tempo, a corporación xestora do sistema Rede Eléctrica Española obtivo un beneficio neto de 717,8 millóns de euros en 2014, cifra un 35,7% superior á de 2013.

Este panorama de abundancia e éxito económico das empresas eléctricas contrasta, por outra parte, con que, segundo a Asociación de Ciencias Ambientais, máis dun 9 por 100 dos fogares, o que supón catro millóns de persoas no conxunto do Estado español,



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sofren "pobreza enerxética", é dicir, son incapaces de satisfacer unha cantidade mínima de servizos de enerxía para as súas necesidades básicas, e, mesmo arredor do 17 por 100 dos fogares, máis de 7 millóns de persoas destinaron en 2014 máis de 10 por 100 dos seus ingresos anuais ao pagamento da factura enerxética.

A esta situación chegouse debido a un modelo regulador que potenciou tanto a liberalización e cesión do sector enerxético a un oligopolio empresarial, como a centralización das decisións, reforzando un sistema eléctrico unitario, totalmente ineficiente e inxusto, sobre todo con aqueles territorios que producen enerxía que han de pagala coma se tivesen que importala, a pesar de sufrir impactos ambientais. É realmente insólito que zonas produtoras de enerxía non poidan regular directamente o seu aproveitamento, controlar e establecer por iso o seu prezo, é dicir, ser donos en estrito sentido dos recursos que posúen para producir enerxía eléctrica; senón que vinga imposto ese prezo, e polo tanto o control dos seus recursos, sobre a base dunha "ficción" de sistema unitario, que prima a retribución de grandes empresas e accionistas.

Esta é a situación discriminatoria que padece Galicia, fronte aos supostos beneficios da solidariedade territorial, xa que se ve obrigada a ceder o control da produción dun ben básico como é a electricidade, para que o seu prezo sexa establecido sobre a base dun sistema centralizado e unitario deseñado dende Madrid por parte dunha armazón de empresas eléctricas que repatrían os seus beneficios na súa maior parte ao exterior de Galicia e do Estado español.

Historicamente, Galicia apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos, posto que durante décadas desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, sobre a base do seu potencial hidroeléctrico e aos depósitos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico. O marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado, que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

favoreceu a adopción de decisións polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio, viuse reforzado co proceso liberizador, iniciado en 1997 e culminado coa reforma de 2013, deixa sen capacidade de decidir neste ámbito a un país xerador de enerxía, e que se ve arrastrado polas nefastas consecuencias que afectan a todo o modelo: incremento exponencial do prezo da enerxía, apropiación dun reducido número de empresas de cada vez maior proporción de beneficios da actividade eléctrica, paralización no impulso a un cambio de modelo baseado na explotación de enerxías renovables, e finalmente, incremento da exclusión no acceso á enerxía a cada vez máis persoas, a pesar de ser un recurso dispoñible no seu territorio.

Por todo iso, debe acometerse un cambio profundo no modelo enerxético, revogando a regulación que implicou tanto unha centralización da decisión sobre o sistema eléctrico coma a liberalización deste, pois tamén reforzou esa centralización ao consolidar o dominio dun oligopolio empresarial que exerce a súa influencia de forma determinante. E iso non pode ser simplemente un regreso ao control do sistema eléctrico de forma centralizada, aínda sendo público, senón adoptando un marco onde a capacidade de decidir resida realmente nos territorios que posúen os recursos materiais para a xeración eléctrica, pois constitúe unha tremenda inxustiza seguir apropiándose polo Estado da súa capacidade para controlar e administrar eses recursos, que se agrava ademais por idear un inxusto modelo eléctrico que delega esa capacidade real nun reducido "pool" de empresas, que sitúan o beneficio propio por enriba do interese público de avanzar cara a un modelo enerxético sostible, tanto dende o punto de vista económico como ambiental.

Por todo iso formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta ao Goberno galego a dirixirse ao goberno do Estado para:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Acometer un novo modelo eléctrico no cal as Comunidades Autónomas ostenten competencias para a regulación de prezos da xeración de enerxía eléctrica
2. Sobre a base diso, habilitar o establecemento de tarifas eléctricas diferenciadas en función da política e o balance enerxético en cada Comunidade Autónoma.
3. Regular de forma inmediata medidas para paliar a pobreza enerxética.
4. Impulsar a xeración eléctrica a través de enerxías renovables, así como regular un marco que favoreza o autoconsumo enerxético mediante un sistema de balance neto.
5. Realizar unha auditoría dos custos reais de produción eléctrica, para determinar a existencia do denominado "déficit tarifario", tendo en conta os grandes beneficios declarados polas empresas eléctricas.”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 10/03/2015 17:29:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2015 17:37
Nº Rexistro: 34661
Data envío: 10/03/2015 17:37:32.408



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 10/03/2015 17:30:03



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Tereixa Paz Franco** e **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás consecuencias da sentenza pola que se estima a demanda de conflito colectivo contra a Xunta de Galiza.

Recentemente ven de facerse pública a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na que se estima a demanda de conflito colectivo formulada pola CIG e o Comité de empresa de persoal laboral da Consellaría de Traballo e Benestar.

A demanda refírese a un asunto xa debatido en varias ocasións e que ten a ver coa aplicación da Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza, concretamente no ámbito do persoal laboral na non aplicación das disposicións do artigo 19 do V Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Xunta de Galiza.

Como xa ten manifestado o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consecuencia desta práctica, que afecta de forma moi significativa aos e ás traballadoras dos centros sociais dependentes da Consellaría de Traballo e Benestar, provocou un grave deterioro da atención ás persoas logo da perda de 1.500 efectivos destinados a ditas tarefas.

Mais tamén, e así o certifica a sentenza á que se refire esta iniciativa, unha clara e flagrante vulneración dos dereitos dos e das traballadoras, singularmente os que teñen que ver coa regulación da xornada laboral e co dereito ao descanso.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que se formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a adoptar as seguintes medidas para dar cumprimento ao contido da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na que se estima a demanda de conflito colectivo presentada contra a Consellaría de Traballo e Servizos Sociais:

1.- Iniciar de forma inmediata os trámites para a derogación da Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza

2.- Iniciar as negociacións coa representación dos e das traballadoras e dentro do ámbito do V Colectivo Único de Persoal Laboral da Xunta de Galiza as medidas para o cumprimento do disposto no artigo 19 de dito Convenio Colectivo, a adecuación das carteleiras ao seu contido así como o resarcimento polos dereitos dos que se viron privados durante a vixencia desta Lei.”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2015

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Tereixa Paz Franco na data 10/03/2015 17:56:08

María do Carme Adón Villamarín na data 10/03/2015 17:56:15

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O pasado 26 de febreiro a Comisión Nacional de Mercados e Competencia, resolveu o expediente. S/0425/12 INDUSTRIAS LÁCTEAS2, incoado pola antiga Dirección de Investigación da Comisión Nacional de Competencia (CNC), contra varias empresas láctea sancionándoas con unha multa de 88,2 millóns de euros. Trátase de 11 empresas que a maioría delas operan en Galicia.

A forma de operar destas industrias tal como relata e constata a resolución basease fundamentalmente en:

- O reparto do mercado de compra e recollida de leite por parte das empresas transformadoras, que se materializa nas dificultades dos gandeiros para cambiar de comprador.
- A estratexia de acordo de prezos de compra de leite por parte das empresas.

As prácticas denunciadas, acreditadas e condenadas non son novas xa que estas mesmas, cos mesmos motivos, cos mesmos protagonistas, e con consecuencias similares xa deron lugar a anteriores procedementos similares. Trátase polo tanto de unha forma de actuar reiterada, e que podería levar a conclusión de que asumida como un peaxe a pagar por parte da industria dentro dos seus custos habituais. Pode interpretarse que compensa economicamente, aínda que nos poidan parecer elevadas as sancións, esta práctica xa que os beneficios poderían ser maiores.

Esta situación ven sendo denunciada por parte do sector produtor de forma reiterada sen que nin o Goberno Central nin a Xunta de Galicia desenvolvan mecanismos para poder evitalo. De feito estes expedientes son levados a cabo sempre por denuncias dos propios produtores, nunca a instancias de ningunha administración.

Grupo Parlamentario

De feito o propio expediente que impón unhas sancións que suman 88,2 millóns de euros, calcula que o beneficio ilícito por parte destas empresas (10 % sobre o valor do mercado afectado) sería de máis de 815 millóns de euros.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Convocar de forma urxente a todos os axentes do sector (produtores, industrias, distribución) nun foro para facer unha valoración da situación actual no que se refire ás negociacións do sector lácteo.
2. Trasladar ao Goberno central a necesidade de que a recadación das sancións derivadas deste expediente revertan nos produtores xa que foron os verdadeiros prexudicados.
3. Que o Consello Galego da Competencia, a instancias da Consellería de Medio Rural e do Mar realice un informe da situación en Galicia nestes momentos no que se refire o sector lácteo.
4. Elaborar un plan de actuación por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar, con medidas políticas, orzamentarias, e lexislativas, para que verdadeiramente a conformación do prezo do leite se poida dar de forma transparente e con criterios obxectivos.
5. Elaborar un plan de actuación por parte da Consellería do Medio Rural de cara a evitar a utilización do leite como “produto reclamo” nas grandes superficies.

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2015

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Pablo García García na data 10/03/2015 18:34:38

Raúl Fernández Fernández na data 10/03/2015 18:34:46

José Ramón Val Alonso na data 10/03/2015 18:34:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Jose Luis Méndez Romeu na data 10/03/2015 18:35:01

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Enfermería é a profesión sanitaria que fai a continuidade e o seguimento dos coidados cunha proxección integral das necesidades dos e das pacientes, que axuda nas técnicas diagnósticas e que aplica os tratamentos e os coidados ás persoas doentes con maior continuidade e proximidade polo que resulta unha peza clave para o noso sistema público de saúde.

Pero as políticas sanitarias aplicadas polos gobernos populares que teñen tan ameazado o noso sistema, están repercutindo tamén moi negativamente na Enfermería e Galicia, co Goberno do Sr. Feijoo, non é unha excepción.

Durante estes últimos anos con Feijoo, na Xunta de Galicia, a Enfermería galega non só veu como se paralizaban os avances que tiñan comprometidos, senón que se ten iniciado unha importante regresión no desenrolo destes profesionais. E tanto na Enfermería de Atención Primaria como na Hospitalaria e mesmo na formación e nas especialidades que se estaban a desenrolar.

A xestión sanitaria do Sr. Feijoo empeñada en privatizalo todo prefire gastar os recursos económicos en mercar “maquinitas” para o coidado das e dos doentes crónicos que en manter adecuadamente dotados os cadros de persoal de enfermería para que, coa dedicación deste persoal e coa proximidade que estes coidados requiren, se poidan mellorar as expectativas e a calidade de vida destes doentes.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ademais como seguen sen catalogar as distintas especialidades, non existen nin son tidas en conta no momento de contratar. Aínda que a verdade é que contratar case que non contratan nada. Sendo en Enfermería moi exacerbada a eventualidade. A estes profesionais se lle fan a diario contratos, xa non por garda senón ata por medias xornadas e, incluso, en distintos servizos na mesma quenda, rompendo o principio disciplinar sobre a continuidade e a seguridade dos coidados que se ofrecen ás e aos cidadáns.

Nin que dicir que a carreira profesional, os días de libre disposición e mesmo os salarios se teñen reducido significativamente para estes profesionais.

Os recortes aplicados nos recursos humanos polo Goberno do Sr. Feijoo ten en Enfermería unha enorme repercusión na calidade dos coidados das persoas ingresadas. Cada vez hai menos presenzas de profesionais de enfermmería por cama e ademais este ratio é moi variable segundo a área e a xerencia de que se trate.

Ante estes feitos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que de forma inmediata:

1. Defina as presenzas de enfermmería, por paciente e quenda, máis adecuadas para cada especialidade hospitalaria.
2. Recupere a carreira profesional e o servizo para os e as profesionais de Enfermería.

 Grupo Parlamentario

3. Elimine a taxa de reposición e a eventualidade na contratación de Enfermería, e recupere os días de libre disposición.
4. Recupere o Plan de mellora da Atención Primaria e o Plan de saúde mental.
5. Que se respecten as listas de contratación e a xestión dos contratos a cada un polas súas características, eventualidade, interinidade, propiedade tal e como contempla o Estatuto Marco.
6. Que sexa a Enfermería quen asuma o coidado e o seguimento das e dos doentes crónicos e das demais doenzas contempladas nas súas especialidades, coa plena competencia que lle permite a súa formación.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 10/03/2015 18:57:46

Manuel Vázquez Fernández na data 10/03/2015 18:57:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar na data 10/03/2015 18:57:57

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 10/03/2015 18:58:04

Jose Luis Méndez Romeu na data 10/03/2015 18:58:11



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo** e **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á creación dunha liña de axudas destinada a subvencionar videoclips de grupos musicais galegos.

A decisión da Xunta de Galiza de financiar a dedo con máis de 300.000 euros o videoclip dunha canción de Enrique Iglesias ten desatado múltiples críticas, tanto polo que supón de despilfarro de fondos públicos e ausencia de ningunha estratexia de promoción turística, como pola discriminación cara a cultura propia.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) compartimos esta indignación e a valoración de que non é de recibo destinar unha cantidade tan importante a un millonario de Miami, mentres non se apoia e potencia a creatividade galega.

A Xunta carece de visión estratéxica sobre o potencial e a rentabilidade de apoiar a cultura propia. Potencial polo desenvolvemento da cultura e a cohesión social, como fórmula para prestixiar a cultura e lingua propias de Galiza, mais tamén como un elemento de proxección exterior. A cultura é ademais un ámbito importante onde se pode crear emprego e xerar riqueza.

Este tipo de axudas implantáranse na lexislatura 2005-2009, porén foron eliminadas polo goberno do PP baixo a escusa da crise económica. Porén, comprobamos como este argumento é falaz e falso. Estamos ante decisións políticas que claramente amosan o desprezo e desinterese polas diferentes manifestacións culturais.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta política é errática e estraga o enorme potencial creativo que existe neste ámbito. Na Galiza hai unha tradición musical moi importante, diversa e rica. Porén existen deficiencias como un posicionamento escaso no ámbito dos videoclips. Un espazo relevante pola importancia que este ámbito ten na difusión e popularización da cultura.

Coa finalidade de recuperar unha liña que axude a visibilizar e posicionar a nosa música no espazo audiovisual formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a publicar no DOG, no prazo de tres meses, unha orde de axudas destinadas a axudar a produción de videoclips en lingua galega do sector musical galego. Esta orde de axudas terá unha dotación económica que en ningún caso será inferior á 300.000 euros.

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a establecer, na primeira canle da TVG, unha programación que visibilice a creatividade musical de Galiza e que sexa un escaparate para a música galega.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 11/03/2015 10:14:36

Ana Belén Pontón Mondelo na data 11/03/2015 10:14:49



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa as implicacións para o sector agrario da modificación fiscal da tributación das sociedades civís.

Recentemente produciuse a modificación do Código de Comercio respecto de determinadas actividades agora con obxecto mercantil o cal motiva cambios na Lei do imposto sobre a renda e a Lei do imposto sobre sociedades, debido a que as sociedades civís que teñan algún obxecto mercantil van estar suxeitas ao Imposto de Sociedades. Esta modificación entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

Até agora os socios podían facer declaracións individuais como persoas físicas.

Porén establécese un réxime transitorio durante o cal as sociedades civís que non queiran pasar a tributar polo imposto sobre sociedades dispoñen do primeiro semestre do ano 2006 para solicitar a súa disolución e liquidación, a cal deberá extinguirse en seis meses desde a adopción de dito acordo.

Esta modificación tributaria pode ter un impacto e relevancia considerábeis no medio rural de Galiza, xa que moitas explotacións agrarias están dotadas desta personalidade xurídica e polo tanto veranse afectadas por este feito.

Hai que ter en conta que moitas destas sociedades civís teñen percibido axudas públicas, fundamentalmente financiadas con fondos europeos, que comportan o compromiso de permanencia: plans de mellora, incorporación de mozos/as, etc., e que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

polo tanto por esta razón están imposibilitados de disolver a sociedade.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte proposición no de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a ditar algunha norma ou mudar as bases das subvencións e admitir que se mantén o compromiso de permanencia no caso de disolución da sociedade á que se incorporaron, cando veña motivada por cambios legais ou circunstancias sobrevidas alleas á explotación, e se acredite a continuidade da actividade, ben por conta propia, ou no seo doutra sociedade ou comunidade de bens, sempre que manteña a afiliación á Seguridade Social no RETA agrario.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 11/03/2015 11:55:31



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 11/03/2015 11:56:07

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández**, ao través da súa vicevoceira **Yolanda Díaz Pérez**, e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en relación co acordo bilateral de aplicación da LOMCE asinado entre o Goberno do Estado e o Goberno Vasco

Exposición de motivos

A aprobación e posterior desenvolvemento da LOMCE provocou un importante impacto e rexeitamento social, manifestado por todos os membros da comunidade educativa e polos colectivos e organizacións representativas do ámbito educativo. Varias Comunidades Autónomas, entre as que non se atopa Galicia, teñen presentado recursos de inconstitucionalidade facendo valer as súas competencias en materia educativa.

O pasado 29 de setembro de 2014 o BOE publicaba unha resolución pola que se daba a coñecer o "Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa do Estado-Administración da Comunidade Autónoma do País Vasco, en relación coa Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa, (LOMCE) ".

Co devandito acordo, o Goberno do Estado recoñece de forma explícita que as transferencias autonómicas en materia de Educación permiten definir ao Goberno do País Vasco diferentes aspectos da LOMCE. Uns dos recoñecementos fai referencia á

potestade das Comunidades Autónomas a establecer a relación entre as direccións dos Centros Educativos e os órganos colexiados e de Goberno destes, que permite modificar as competencias destes órganos sen as limitacións que a LOMCE establece nos Consellos Escolares de Centro.

Queda claro deste xeito que a LOMCE non pode servir de escusa para recortar as competencias dos Consellos Escolares nin, como consecuencia, limitar ata reducir a meramente consultiva e testemuñal, a participación das ANPAs e dos membros en representación das familias, segundo mandata a Constitución Española, no seu artigo 27.

Por outra banda, dito acordo entre o Goberno do Estado e o do País Vasco recoñece a potestade do Goberno do País Vasco a definir o uso das linguas oficiais da Comunidade Autónoma nos centros educativos. A LOMCE non pode limitar a carga lectiva que se faga na lingua propia da comunidade autónoma, como acontece no caso de Galicia e a súa lingua propia, o galego, tal e como establece o artigo 5.1 do Estatuto de Galicia.

Prodúcese pois coa sinatura deste acordo, un evidente agravio comparativo entre a comunidade educativa do País Vasco e a de Galicia posto que as competencias educativas transferidas a ambas as dúas comunidades autónomas non difiren substancialmente nestes aspectos.

O Goberno do Estado recoñece implicitamente a inxerencia que a LOMCE supón sobre as competencias educativas da nosa comunidade autónoma e é un recoñecemento tácito de que hai causa legal nos recursos de inconstitucionalidade que varias comunidades autónomas formularon contra a LOMCE.

Recentemente a Confederación Galega de ANPAS de Centros Públicos remitiu un escrito ao Goberno Galego e ós Grupos con representación no Parlamento de Galicia, dando conta do acordo referido acordo e reclamando, en representación das nais e pais de toda Galicia, unha actuación para defender as competencias educativas do noso país.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento Galego insta ó Goberno Galego a

Reclamar para Galicia os mesmos dereitos que son recoñecidos ao País Vasco mediante a sinatura co Goberno do Estado do *Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa do Estado - Administración da Comunidade Autónoma do País Vasco, en relación coa Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa, (LOMCE)*.

En Compostela, a 11 de marzo do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 11/03/2015 11:57:11

Jose Javier Ron Fernandez na data 11/03/2015 11:57:19

Yolanda Díaz Pérez na data 11/03/2015 11:57:24

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández** e por medio da súa vicevoceira **Yolanda Díaz Pérez**, e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao Real Decreto 1393/2007 do 29 de Outubro, que establece o ordenamento das ensinanza universitarias oficiais, mais coñecido como Real decreto 3+2.

Exposición de motivos

O Consello de Ministros do pasado 30 de Xaneiro, aprobou o Real Decreto 1393/2007 de 29 de Outubro que establece o ordenamento das ensinanza universitarias oficiais, mais coñecido como Real decreto 3+2.

A norma, que permitirá ás universidades implantar carreiras de tres anos de grao e dous de máster ademais do sistema actual de catro anos de grao máis un de máster, foi aprobada pese o ditame negativo emitido polo Consello de Estado, por riba da manifesta oposición da Conferencia de Reitores e Reitoras (CRUE), sen o debate coa comunidade universitaria, sen debate político nin social, sen unha avaliación da implantación da última modificación lexislativa dos novos graos e sen unha xustificación crible do seu contido.

Trátase na práctica dun Real Decreto, que nos retrotrae á anterior estrutura de Diplomatura e Licenciatura e supón decretar o fracaso do 4+1, sen ningún tipo de avaliación diagnóstica sobre os seu resultados e funcionamento. O informe aprobado pola sectorial da CRUE no pasado mes de xullo, non deixa lugar a dúbidas sobre as tensións organizativas que este cambio vai provocar nos Sistema Universitarios de todo o Estado.

Coa nova norma, os Graos pasan a ter un carácter "básico" e "xeneralista", como explica o mesmo decreto. É dicir, que non serán suficientes para adquirir a cualificación imprescindible para desempeñar unha profesión de alta cualificación no terreo laboral da avogacía, o xornalismo, a enxeñaría, etc... Para obter esa cualificación "especializada" - segundo o texto do decreto- será necesario cursar un máster que pasará da duración actual dun ano a dous anos, o cal fará que se duplique o seu prezo. Se actualmente os másters dun ano oscilan entre 2.700 e 7.000 euros anuais, co novo Real Decreto haberá que afrontar o pago de dous anos de máster que suporá entre 5.400 e 14.000 euros para poder obter un título universitario.

Por outra banda establécese un novo recorte no financiamento público dos estudos universitarios, pasando de subvencionarse primeiro os cinco anos de carreira, despois só catro, e agora unicamente tres anos de grao, trasvasando ás familias o custo global dos Máster e beneficiando ás universidades privadas, que apostan polos posgraos como o seu principal ámbito de actividade.

O Consello de Estado sinala ademais no seu ditame, que semella difícil acadar a homoxeneización pretendida polo Ministerio co citado Real Decreto, cando dentro do noso propio país, podería darse o caso de que un mesmo título tivese unha duración diferente en cada Universidade ou que mesmo podan convivir títulos de 3 anos cos de 4 anos e tamén coas antigas Licenciaturas de 5 anos.

Estamos ademais diante dunha "reforma encuberta" do sistema universitario a través de tres novos Reais Decretos que supoñen a modificación non só da ordenación dos ensinos universitarios, senón tamén dos requisitos para a creación de centros universitarios, para facilitar a apertura de novas universidades privadas e para modificar o sistema de acreditación do profesorado universitario.

Un sistema Universitario que ve cuestionada a súa viabilidade polos gobernos do Partido Popular despois de ter sido sometidos a un continuado proceso de estrangulamento orzamentario que no caso de Galicia, alcanza unha diminución de mais de 50 millóns de euros de recursos públicos nos últimos cinco anos que está obrigando a acometer estritos plans de axuste aos Campus Universitarios Galegos.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego insta ó Goberno Galego a

- Facer súas as recomendacións da Conferencia de Reitores e Reitoras (CRUE) e demandar a retirada do Real Decreto 1393/2007 do 29 do Outubro que establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais, mais coñecido como Real decreto 3+2, tendo en conta as súas nefastas consecuencias para o Sistema Universitario de Galicia.

En Compostela, a 11 de marzo do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 11/03/2015 12:20:05

Ramón Vázquez Díaz na data 11/03/2015 12:20:12

Yolanda Díaz Pérez na data 11/03/2015 12:20:16

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa á reversión do proceso privatizador do rexistro civil.

Exposición de motivos

As nefastas consecuencias da privatización do rexistro civil aí están. Co proxecto de lei de medidas de reforma administrativa no eido da Administración de Xustiza e do Rexistro Civil tenta o PP un *“novo capítulo de negocio e poder”* ao incluír no rexistro civil novas xestións, alleas ao estado civil, que serán de inscrición obrigatoria e de pago.

Da desxudialización realizada polo PSOE á privatización en marcha do PP se pon en perigo o acceso da cidadanía de maneira gratuíta a este servizo e a súa atención por persoal funcionario público. A secuencia que pretende completar esta lei en trámite completa as previsións contidas na lei 18/2014, do 15 de outubro, que rachou o acordo sobre un rexistro civil público e gratuíto con 140 anos de historia.

No afán por facilitarlle o negocio privado aos rexistradores da propiedade e mercantís a modificación da lei podería supor que o rexistro de seguros ou de actos de última vontade deixarían de ser competencia do ministerio de xustiza e cuxas certificacións teñen unha taxa que se embolsará este colectivo profesional. Outra das posibles competencias sería a da obriga da inscrición de todos os poderes tanto das persoas físicas como das xurídicas e as súas posteriores revocacións.

Así a listaxe esténdese para embolsar no peto privado entre outras a obrigatoriedade da constancia rexistral do enderezo de rexistro e a dirección aos efectos de notificacións; o cobro polo libro de familia; o devengo de honorarios para os asuntos de carácter voluntario e que respondan ao interese particular da cidadanía, así como poderes, rexímenes económicos, vecindade civil, expedientes de cambio de nome e apelidos, rexistro de parellas de feito, etc., e mesmo a posibilidade de inscrición de

calquera outro feito ou acto relativo a persoas físicas previstos noutras leis para aperturar un ronsel de taxas á cidadanía e beneficios privados inacabable.

Incluso habería unha disposición final que habilitase ao ministerio para aprobar nun prazo máximo de 3 meses dende a publicación da lei os aranceis correspondentes as funcións privatizadas do rexistro.

Semellante proxecto e intencións os fragua o PP contra o parecer dos traballadores e traballadoras deste servizo público; contra a valoración da inmensa maioría da sociedade sobre como funciona este servizo público (o Observatorio da Calidade dos Servizos Públicos na súa análise do ano 2012 indicou a valoración positiva da cidadanía nun 84%, porcentaxe superior á media dos diferentes servizos públicos); ou contra as sentenzas da UE que sinalan de xeito taxativo que os rexistradores da propiedade e mercantís non son funcionarios públicos, que deben cobrar o IVE e que o seu réxime de Seguridade Social é o especial dos autónomos, outrosí de ditaminar que os devanditos profesionais non presentan as características de subordinación e dependencia que son esenciais para que o servizo público en cuestión poida considerarse prestado por persoal funcionario da administración pública; contra case todas e todos – e a prol duns poucos amigos do presidente do goberno - teima o goberno Rajoy en privatizar o rexistro civil.

Diante deste escándalo onde o presidente do goberno faise xuíz e parte, AGE sosteá que o rexistro civil sexa un servizo propio da administración de xustiza, cuxas prazas proveeranse entre o funcionariado dos corpos superior xurídico de secretarios/as xudiciais e ao servizo da administración de xustiza.

AGE sosteá que a cidadanía poda presentar solicitudes e documentación para actuacións ante o rexistro civil nos xulgados de paz e outros que non sexan oficinas do devandito rexistro.

AGE sosteá que todas as oficinas do rexistro civil sexan atendidas en exclusiva por persoal funcionario.

AGE sosteá que todo o persoal funcionario ao servizo da administración de xustiza que preste servizo nos rexistros civís ou únicos ou nas oficinas xudiciais que realicen funcións de rexistro civil sigan a desenvolver as súas funcións respectivas con carácter definitivo.

AGE sosteá que non se reduza o persoal funcionario que desenvolva esas tarefas nin as súas retribucións, nin que este poida ser obrigado a cambiar a súa localidade de destino.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a realizar un estudo independente sobre os impactos para as persoas usuarias e para o emprego público que se derivarían derivado da privatización do rexistro que está a acometer o goberno central.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que se dirixa ao goberno central para que retire as previsións privatizadoras contidas no proxecto de lei de medidas de reforma administrativa no eido da Administración de Xustiza e do Rexistro Civil.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que reclame do goberno central a derogación das medidas privatizadoras do rexistro civil contidas na lei 18/2014, do 15 de outubro.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a soste o mantemento do rexistro civil, e do emprego asociado ao mesmo nas súas actuais condicións, como servizo público prestado en exclusiva por persoal funcionario ao servizo da administración pública.

En Compostela, a 11 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/03/2015 13:53:19



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez** e do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa ao recoñecemento da categoría de bombeiro forestal a diversas denominacións de persoal do SPDCIF.

Exposición de motivos

O V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia recolle no Acordo de Condicións Especiais de Traballo do Persoal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia, no seu apartado 3.18, o compromiso do cambio da denominación da categoría do SPDCIF. Este compromiso atinxe a peóns, peóns condutores, xefaturas de brigada, vixiantes móbiles e de condución de motobombas, os cales pasarán segundo recolle o acordo á condición de bombeiros forestais.

Malia que a Xunta suspendeu diferentes aspectos do V Convenio Colectivo Único nun exercicio tan antidemocrático como de aplicación dunha política económica antisocial e de dereitas, este Acordo segue en vigor e dende hai 5 anos agarda o seu cumprimento.

Este colectivo ten desenvolvido unha inxente labourea cunha acreditada profesionalidade na prevención e loita contra os lumes forestais, segundo se desprende dos informe anuais da área de defensa contra os incendios forestais do ministerio de medio ambiente. As súas tarefas preservaron e preservan vidas humnas, o medio natural e mesmo os bens económicos.

A normativa estatal ampara esta conversión no decreto 1591/2010, do 26 de novembro, que aproba a clasificación das ocupacións e recolle a de bombeiro forestal. Sendo a comunidade autónoma a que estende recoñecemento á devandita categoría profesional.

Recoñecemento que non só é de xustiza, tamén serviría para que este colectivo profesional poida aplicarse o coeficiente legal da redución da idade de xubilación en atención ás moi duras, esixentes e insalubres condicións do seu traballo cotián.

En atención ao exposto, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a facer efectiva a previsión recollida no V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia e, xa que logo, a facer efectivo o compromiso de cambio de denominación das referidas categorías profesionais do SPDCIF a categoría de bombeiro forestal.

En Compostela, a 11 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/03/2015 14:44:24

Anton Sánchez García na data 11/03/2015 14:44:30

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz, **José Luis Méndez Romeu**, dos deputados e deputada, **José Antonio Sánchez Bugallo**, **Patricia Vilán Lorenzo** e **Raúl Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A progresiva irrelevancia dos investimentos públicos ten reducido o papel da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a un carácter testemuñal. En estradas, en medio ambiente, as actuacións son mínimas. En vivenda ou transporte practicamente irrelevantes. Así o carácter contracíclico do investimento público foi esquecido pola Xunta en beneficio das políticas de axuste fiscal. As consecuencias no emprego son notorias pola perda do carácter tractor do investimento público.

As cifras por programas son contundentes. A evolución dos programas foi como segue:

PROGRAMA		2009, millóns €	2014 millóns €
451 A	Rehabilitación vivenda	211	33
451 B	Acceso á vivenda	109	15
512 A	Transporte	78	18
512 B	Estradas	449	231

 Grupo Parlamentario

A caída do orzamento tivo como consecuencia o abandono dos obxectivos demandados socialmente . Na área metropolitana da Coruña, e no ámbito da devandita consellería, as reclamacións son ben coñecidas.

Así o transporte metropolitano non foi quen ata hoxe de incluír na mesma planificación as liñas interurbans coas urbanas producíndose situacións tan incomprensibles como a do Centro Comercial Marinada City, radicado nun polígono industrial. Recibe 15 millóns de visitas anuais, cinco veces a poboación total de Galicia, pero as liñas interurbans, que pasan pola súa porta, non poden parar porque o centro é termo municipal da cidade. Os prexudicados son os usuarios. Na altura do 2015, a tecnoloxía permitiría conxugar os diferentes intereses e dereitos das empresas implicadas. Pero o que a tecnoloxía permite non o tolera a burocracia da Xunta. Nin sequera a promesa de que o autobús urbano teña parada en Meicende, adianda dende hai anos, está en vigor.

Como está sen resolver o transporte á universidade ou ós polígonos industriais dende os diferentes núcleos metropolitanos. Así, Sabón, con miles de postos de traballo e de visitantes diarios, depende do transporte privado malia a súa proximidade a nucleos de elevada poboación. Para os universitarios o transbordo e dificultades de enlace aconsella un uso moi elevado do vehículo particular.

E para os usuarios que aínda así utilizan o autobús interurbano, as instalacións da Estación de Autobuses están obsoletas, en precario estado e carentes de servizos básicos. Mesmo con problemas de seguridade viaria derivados do uso masivo da calzada de circulación como acceso dos usuarios ós andéns.

Si do transporte pasamos ás estradas, atopamos que a Vía Ártabra, chamada a ser un intercambiador entre as vías de alta capacidade e os diferentes núcleos da comarca, está inacabada e non dá servizo de interese. Así, tramos de catro carrís, apenas teñen circulación porque non solucionan as necesidades de transporte.

Grupo Parlamentario

Doutra banda a estrada N-550 presenta evidentes problemas de mantemento malia ser a principal vía alternativa ás vías de peaxe. E a autopista autonómica AG-55, de peaxe, ten tramos en obras permanentes, limitacións de velocidade e condicións xerais de circulación deficientes.

Si atendemos á area de medio ambiente, a rexeneración da ría coruñesa permanece no limbo, como a mellora da planta de residuos de Nostión.

A política de vivenda é hoxe inexistente como indican as cifras comentadas ut *supra*

En consecuencia o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1- Crear, no prazo de seis meses, un Consorcio Metropolitano de Transportes que integre ós concellos afectados e as empresas concesionarias de liñas de transporte urbanos e interurbanos, ademais da Xunta coa misión de redefinir itinerarios e frecuencias dos servizos de acordo coas demandas e distribución da poboación, considerando as necesidades de colectivos específicos como a universidade ou os polígonos empresariais e que poida acceder ás subvencións estatais.
- 2- Incluír nos vindeiros orzamentos a reforma integral da Estación de Autobuses da Coruña.
- 3- Rematar, no prazo dun ano, a Vía Ártabra completando os tramos pendentes.
- 4- Eliminación da peaxe da AG-55 no ámbito comarcal
- 5- Iniciar, en colaboración co Ministerio de Fomento, os labores de dragado e tratamento de lodos da ría coruñesa,

 Grupo Parlamentario

6- Aprobar un novo Plan de residuos adaptado ás directrices europeas, que reduza a incineración, incrementa a recollida selectiva e que integre as diferentes solucións existentes en Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2015

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: José Antonio Sánchez Bugallo
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 11/03/2015 18:15:07

José Antonio Sánchez Bugallo na data 11/03/2015 18:15:19

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/03/2015 18:15:31

Raúl Fernández Fernández na data 11/03/2015 18:15:42



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Daniel Rodas Chapela, Cosme Pombo Rodríguez, Montserrat Prado Cores, María Tereixa Paz Franco, María do Carme Adán Villamarín, Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao Tratado Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP en inglés).

A Unión Europea (UE) e os Estados Unidos de América (EEUU) están negociando, de costas á cidadanía e aos seus representantes políticos, un amplo acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia e a debida protección dos dereitos laborais, medioambientais e de saúde, antepoñendo o interese comercial dos investidores e empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral.

O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación dos mesmos ás empresas transnacionais, así como ás compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos públicos e as compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a capacidade dos/as representantes elixidos/as para administrar libremente as súas comunidades e promocionar a industria, emprego e iniciativas locais.

Deste xeito, as leis do comercio priman sobre calquera outra consideración social, e ignoran calquera lexislación europea, estatal ou autonómica. Deste xeito, as distintas comunidades políticas atópanse elas mesmas dominadas por axustes



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estruturais restritivos debido aos acordos e as políticas de libre comercio e de protección do investidor. Esta lóxica desmantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes públicos para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego.

O Parlamento de Galiza ten o deber de pronunciarse sobre os contidos desta negociación pois afectará de cheo á nosa capacidade de decidir sobre aspectos económicos esenciais para o país, como son a prestación de servizos públicos básicos. Insírese ademais no contexto dun modelo de globalización que ataca directamente os alicerces da democracia, ao situar por riba das nacións e dos pobos decisións transcendentais no eido económico que condicionarán o benestar das persoas. Desde esa perspectiva, a oposición vén fundamentada non só polo negativo impacto que para as maiorías sociais de Galiza causaría a aplicación do TTIP senón polo ataque directo que supón para exercer a nosa soberanía, a capacidade de decidir desde Galiza e en función dos nosos intereses sobre as cuestións económicas fundamentais.

Considerando que:

O comercio e o investimento somentes poden conducir a intercambios económica e socialmente beneficiosos se respectan as necesidades humanas en todo lugar, e non se basean no beneficio dos especuladores financeiros e das empresas multinacionais.

A eliminación programada e progresiva dos servizos públicos conduce, ao mesmo tempo, á eliminación programada e progresiva da solidariedade e a democracia.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A apertura máxima dos servizos e as compras públicas á competencia produce efectos contraproducentes en canto á súa accesibilidade, a súa calidade e o seu custo.

Os dereitos sociais son dereitos inalienábeis, polo que non poden depender exclusivamente da lóxica do mercado.

Só a existencia diversificada de servizos públicos socialmente útiles, permite asegurar unha calidade de vida digna para todos/as e en todas partes, en estreito nexco co exercicio real da democracia.

O control público debe preservarse para garantir o acceso aos bens comúns e á creación de novos servizos públicos, así como para favorecer a industria e emprego locais.

Os contidos desta negociación afectan á capacidade de decidir de Galiza sobre aspectos económicos esenciais para o país, como son a prestación de servizos públicos básicos.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“1.- O Parlamento de Galiza acorda, por resolución, declarar a súa oposición ao TTIP, por comprometer o futuro de servizos públicos básicos para asegurar a cohesión social.

2.- O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.1.- Solicitar do Ministerio de Administracións Públicas o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos chamados servizos socialmente útiles.

2.2.- Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Cosme Pombo Rodríguez

Montserrat Prado Cores

María Tereixa Paz Franco

María do Carme Adán Villamarín

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputados e deputadas do Grupo Parlamentar do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 11/03/2015 19:08:06

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 11/03/2015 19:08:13

María Monserrat Prado Cores na data 11/03/2015 19:08:17



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Tereixa Paz Franco na data 11/03/2015 19:08:19

María do Carme Adán Villamarín na data 11/03/2015 19:08:21

Ana Belén Pontón Mondelo na data 11/03/2015 19:08:23

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 11/03/2015 19:08:25



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Despois de que a responsábel de Turismo do Goberno galego rexeitara na Comisión 6ª celebrada o pasado 5 de marzo de 2015, entregar o contrato privado asinado coa produtora do videoclip de Enrique Iglesias, consideramos necesario que o Parlamento galego se pronuncie a respecto desta falta de transparencia do goberno galego. Impedir o coñecemento público dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas do contrato privado asinado entre a Axencia de Turismo e Enrique Iglesias para o videoclips da canción “Noche y Día” é unha falta total de transparencia.

Por isto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta ao Goberno galego a facer público o contrato privado asinado coa produtora do videoclip de Enrique Iglesias no prazo de sete días. Neste proceso de transparencia o goberno publicará os pregos de cláusulas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administrativas e prescricións técnicas que fundamentan a sinatura do contrato privado por parte da Axencia de Turismo."

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG

María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 11/03/2015 19:58:15

Ana Belén Pontón Mondelo na data 11/03/2015 19:58:22

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Pablo García García, Carmen Gallego Calvar, Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba, Beatriz Sestayo Doce, M^a Soledad Soneira Tajés e Ricardo Vicente Docasar Docasar**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O servizo público da Xustiza é básico para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Porque os dereitos valen o que valen as súas garantías e a última garantía dos dereitos é sempre a xurisdiccional.

Os socialistas estamos convencidos de que, polos tempos que corren, agora son máis necesarias que nunca medidas de reforma. Tamén na xustiza. Pero non son necesarias as que propón o PP, posto que dificultan, burocratizan e fan moito máis lenta e inaccesible a xustiza aos cidadáns.

O novo ministro de Xustiza decidiu derogar as taxas para as persoas físicas. Máis segue adiante co Proxecto de lei de asistencia xurídica gratuíta.

Que vincula o financiamento dos servizos de asistencia xurídica gratuíta coa recadación de taxas xudiciais; á marxe do necesario financiamento axeitado (o servizo ha de ser sufragado con cargo aos orzamentos xerais do Estado).

Que prexudica ás familias cunha contía máxima de recursos para acceder ao dereito, que se rebaixa de 14.910 a 12.780 euros.

Que impón condicións de difícil cumprimento, como identificar os servizos que vai precisar o letrado (algo imposible de determinar para unha persoa que non coñece as leis) ou esixir a ratificación en segunda instancia (algo imposible na práctica para a maioría dos asuntos penais, dada a difícil localización do cliente por parte do letrado).

Que limita a posibilidade de solicitar xustiza gratuíta a 3 pleitos ao ano, limitación claramente contraria aos artigos 24 e 119 da Constitución.

 Grupo Parlamentario



Así pois, a derogada Lei 10/2012, do 20 de novembro (taxas) dicía que aportarían uns maiores recursos e permitirían unha mellora no financiamento do sistema xudicial e, en particular, da asistencia xurídica gratuíta.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Mais o propio Goberno dicía que, posto que era unha taxa estatal, recadada pola AEAT, a Administración autonómica non tiña acceso aos datos de incidencia das novas taxas de Xustiza relativas á provincia de Pontevedra. Ocorre que o Goberno pretende ocultar que a Xunta de Galicia ten competencias en materia de asistencia xurídica gratuíta e as taxas ían destinadas a tal fin, polo que é de supoñer que o goberno saberá canto se recadou dende a súa entrada en vigor ata a súa derogación e que cantidade debería ter recibido Galicia do Estado para sufragar os gastos da quenda de oficio da provincia de Pontevedra.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno do Estado as cantidades que debера recibir Galicia polas derogadas taxas xudiciais para sufragar os gastos de quenda de oficio da provincia de Pontevedra.

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2015

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Pablo García García
Carmen Gallego Calvar
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Beatriz Sestayo Doce
M^a Soledad Soneira Tajés
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

 Grupo Parlamentario



Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/03/2015 10:39:01

Pablo García García na data 12/03/2015 10:39:11

Carmen Gallego Calvar na data 12/03/2015 10:39:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/03/2015 10:39:22

José Manuel Gallego Lomba na data 12/03/2015 10:39:27

Beatriz Sestayo Doce na data 12/03/2015 10:39:32

María Soledad Soneira Tajés na data 12/03/2015 10:39:37

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 12/03/2015 10:39:43

Jose Luis Méndez Romeu na data 12/03/2015 10:39:49

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Pablo García García, Manuel Vázquez Fernández, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A lexislación que regula o transporte de madeira por estrada a nivel europeo é a Directiva 96/53/CE, do 25 de xullo de 1996 (modificada pola directiva 2002/7/CE), pola que se establecen para determinados vehículos, as dimensións máximas no tráfico nacional e internacional e os pesos máximos autorizados.

No artigo 4 da Directiva 96/53/CE, fai excepcións a estas limitacións, de modo que os estados membros poden permitir, dentro do seu territorio, transportes con distintas dimensións entre as que cita expresamente a explotación e a industrial forestal.

A norma que regula este tipo de transporte en España é o Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro de 1998, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos. No seu anexo 4 especificase como masa máxima autorizada para vehículos de transporte de madeira 40 T e 18,75m de lonxitude máxima, isto é, o establecido na norma europea sen aplicar as posibles excepcións permitidas.

Noutros países se están aplicando as excepcións recollidas na lexislación europea no que se refire ó transporte de madeira en rolo por estrada. Isto fai que España non resulte competitiva a nivel del mercado da madeira en comparación con outros países da Unión Europea, dada a importancia que ten o transporte nos custos de explotación.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado, a modificación do Real decreto 2822/1998, de tal forma que se faga unha excepción os vehículos destinados ó transporte de madeira en rolo, con un máximo de 48 toneladas para 5 eixes e 57 toneladas para 6 eixes.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2015

Asdo.: Pablo García García
Manuel Vázquez Fernández
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 12/03/2015 11:49:25



Grupo Parlamentario

Manuel Vázquez Fernández na data 12/03/2015 11:49:34

Raúl Fernández Fernández na data 12/03/2015 11:49:53

José Ramón Val Alonso na data 12/03/2015 11:49:59

Jose Luis Méndez Romeu na data 12/03/2015 11:50:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través dos eu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputada, **Hipólito Fariñas Sobrino, Agustín Baamonde Díaz, Moisés Blanco Paradelo, Javier Dorado Soto, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez e Ramón Santos Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A importancia pedagóxica do Xadrez fixo que o Parlamento Europeo se pronunciara expresamente o 15 de marzo de 2012 mediante unha declaración na que instaba á introdución do programa “Xadrez na Escola” nos sistemas educativos da Unión Europea.

Esta declaración subliñaba os efectos beneficiosos do xadrez para os nenos e nenas de calquera idade, baseado en evidencias científicas, entre os que se atopan: a mellora da concentración, a paciencia e a persistencia e a axuda que pode supoñer para desenvolver o sentido da creatividade, a intuición, a memoria e as competencias, tanto analíticas como de toma de decisións; así mesmo, ensina valores como a motivación, a determinación e a deportividade.

Neste sentido, instábase á Comisión e aos Estados membros a apoiar a introdución do programa “Xadrez na escola” nos sistemas educativos dos estados.

Mais este interese non é novo, no ano 1995, a Unesco recomendou a introdución tamén do xadrez nos programas escolares, e nese mesmo ano o Senado español fixo unha declaración neste sentido.

Tamén o Congreso dos Deputados aprobou o 11 de febreiro de 2015 ten aprobado por unanimidade unha iniciativa para a “Implantación da práctica do xadrez nas escolas e nos espazos públicos e a súa promoción como deporte”.

En Galicia a práctica e ensino do xadrez conta cunha longa tradición e un importante implantación nas escolas, unhas veces como actividade extraescolar e outras como ferramenta educativa para traballar proxectos educativos interdisciplinares, así mesmo se teñen desenvolto distintas accións vinculadas a formación do profesorado.

Somos coñecedores de que Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ven apoiando iniciativas de innovación educativa vinculadas co xadrez. Cumpre salientar, por ser un exemplo de colaboración interinstitucional, o proxecto de “Xadrez na Escola” do Concello de Redondela, que apoiado e auspiciado pola Unión Europea de Xadrez este beneficiando aos centros deste concello.

A Administración educativa galega, xunto coa Unión Europea de Xadrez e o concello de Redondela ten presentado en febreiro de 2014 esta iniciativa no Ministerio de Educación e Deporte a Secretaria de Estado, como unha boa práctica e un proxecto innovador.

Recentemente, o 11 de marzo de 2015, a Consellería subscribiu un memorando de entendemento coa Unión Europea de Xadrez para o establecemento dun marco de colaboración para o intercambio de ideas e métodos para promover a ensinanza de xadrez nos centros de educación primaria e de educación secundaria de Galicia.

O Grupo Parlamentario Popular entende que hai un amplo traballo feito, ao tempo que ve na actualidade novas oportunidades a partir do desenvolvemento da LOMCE. Cremos que cambio curricular e metodolóxico no que está inmerso o sistema educativo galego permite afondar e impulsar as accións emprendidas para a aplicación do xadrez como ferramenta e medio de mellora educativa.

Entendemos que o reforzo da presenza do xadrez no sistema educativo galego pode contribuír a mellorar as competencias chave do alumnado, por estes motivos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a adoptar as medidas necesarias para afondar na presenza do xadrez nas escolas mediante o fomento de proxectos de innovación educativa, o impulso da formación do profesorado e o desenvolvemento de recursos e metodoloxías que permitan, desde o respecto á autonomía dos centros educativos, a progresiva implantación desta disciplina con carácter transversal o específico nos currículos de Primaria e ESO en atención aos proxectos educativos dos centros”.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/03/2015 12:34:27

Hipólito Fariñas Sobrino na data 12/03/2015 12:34:37

Agustín Baamonde Díaz na data 12/03/2015 12:34:56

Moisés Blanco Paradelo na data 12/03/2015 12:35:04

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Javier Dorado Soto na data 12/03/2015 12:35:13

Jesus Goldar Guimil na data 12/03/2015 12:35:28

Antonio Mouriño Villar na data 12/03/2015 12:35:37

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 12/03/2015 12:36:02

Ramón Santos Pérez na data 12/03/2015 12:36:05

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados Cristina Romero Fernández, Pedro Arias Veira, Hipólito Fariñas Sobrino, José Francisco Santos Regueiro, Berta Pérez Hernández, Miguel Tellado Filgueira, Moisés Blanco Paradelo e Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

Os 102 mercados e prazas de abastos de Galicia ocupan un lugar destacado no comercio das nosas vilas e cidades, actuando como escaparates da calidade do produto galego, e sendo obxecto de visita, non só polos seus clientes habituais, senón tamén polos turistas que, ano a ano, desprázanse á nosa terra atraídos polo prestixio do produto galego.

Por iso, o seu valor estratéxico para o comercio de proximidade está fóra de toda dúbida.

Pola súa proximidade e situación estratéxica nas nosas vilas e cidades, os mercados municipais xogan un valioso papel dinamizador e revitalizador dos centros urbanos onde se asentan e facilitan, ademais, a compra completa de alimentos frescos con comodidade e sen necesidade de grandes desprazamentos.

Mestura de tradición e modernidade, adáptanse ás demandas dos seus clientes, ofertan os mellores produtos frescos e configúranse como espazos de vida e de atracción para veciños e visitantes.

Por iso, o seu potencial para o desenvolvemento económico é

indiscutible.

Por todo o exposto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a activar un Plan de Mercados Excelentes que poña en valor e incentive as posibilidades dos nosos mercados e prazas de abastos, resaltando aquelas que presenten as mellores infraestruturas e os mellores servizos aos seus clientes e visitantes.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/03/2015 13:31:25

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/03/2015 13:31:37

Pedro Manuel Arias Veira na data 12/03/2015 13:31:43

Hipólito Fariñas Sobrino na data 12/03/2015 13:32:23

Jose Francisco Santos Regueiro na data 12/03/2015 13:32:35

Berta Pérez Hernández na data 12/03/2015 13:33:03

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/03/2015 13:33:17

Moisés Blanco Paradelo na data 12/03/2015 13:33:27

Gonzalo Trenor Lopez na data 12/03/2015 13:33:39

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa á realización dunha auditoría independente sobre o denominado Plan Ferrol.

Exposición de motivos

A situación de emerxencia industrial que segue a padecer Ferrolterra non se remediou, ao longo de xa decenios, coas diversas medidas eufemisticamente denominadas de reindustrialización.

A taxa de desemprego, a regresión demográfica, a atonía económica, a subocupación da industria naval, ou a falla de diversificación do tecido industrial distan lonxe de ser arranxadas.

Nos últimos anos o instrumento que se quería impulsar polas administracións públicas era o denominado Plan Ferrol, que xa nestes últimos anos amosou, convocatoria a convocatoria a súa inanidade para reactivar a economía industrial da zona.

Cómpre para sermos xenuinamente austeros auditar de xeito rigoroso e independente as actuacións desenvolvidas ao abeiro do devandito plan, o seu impacto económico para as arcas públicas e os seus froitos en termos de creación de emprego e desenvolvemento de actividades industriais novas e consolidadas.

Polo tanto, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta á realización dunha auditoría independente que fiscalice o emprego dos cartos públicos entregados ao longo da vixencia do Plan Ferrol nos anos comprendidos entre 2007-2014 co seu retorno en termos de nova creación de emprego e desenvolvemento e consolidación de novas actividades industriais.

En Compostela, a 12 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 12/03/2015 13:45:38



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao desbaldimento de cartos públicos nunha campaña publicitaria na consellaría de industria.

Exposición de motivos

Publícase no DOG de hoxe, xoves 12 de marzo, a resolución do 6 do corrente que anuncia a contratación, polo procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada, do servizo para o desenvolvemento da campaña publicitaria “A innovación e a competitividade na industria de Galicia. Cara á fábrica do futuro”, cuxo expediente é 03/2015/SXT.

Cómpre sinalar algúns dos datos básicos que sofre o noso país en materia de industria: a enorme destrución de emprego industrial acaecido no sexenio Núñez Feijóo levou a que a ocupación no sector se atope nos niveis de 1997 deixando atrás máis de 60.000 postos de traballo polo camiño do austericidio; o progresivo desmantelamento industrial e o estrangulamento do crédito ás empresas reducen a base produtiva do país; os datos do índice de produción industrial en negativo aínda no 2014 e no comezo deste exercicio (-4,9%) indican a mala marcha do sector; ao que hai que engadir os anunciados desinvestimentos de Pemex nun sector estratéxico da nosa industria como é o naval ou os reveses acumulados pola automoción no 2014, para en resumo conformar un panorama que non autoriza malbaratar recursos públicos en publicidade.

Nese grave escenario, o de un país sen fábricas, o desbaldimento de 2 millóns de euros nunha campaña publicitaria para 2015-16 semella unha pésima asignación de recursos cuxo emprego tería que se aplicar a economía produtiva.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta á retirada desta resolución e, xa que logo, a modificación do uso destes 2 millóns de euros para que financien actividades industriais produtivas.

En Compostela, a 12 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 12/03/2015 13:48:47



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos vertidos por hidrocarburos que se veñen producindo na ría da Coruña.

O sábado 7 de marzo producíase o peche ao marisqueo de toda a ría da Coruña, isto é as augas costeiras comprendidas entre a cala do Dexo (E) e a punta de Alba (W), a causa dun vertido de hidrocarburos. Segundo o Intecmar os niveis detectados de Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos son superiores aos legalmente establecidos, polo que se prohibiu a extracción de moluscos infaunais.

Inicialmente o peche cautelar afectou ao marisqueo e a actividades extractivas como a do percebe e do ourizo do mar, se ben a Xunta autorizou a volta á actividade nestas dúas últimas actividades extractivas.

Comezan a ser excesivamente frecuentes os episodios de contaminación na ría da Coruña e as conseguíntes resolucións de prohibición de extracción de moluscos infaunais na ría do Burgo nos últimos meses. Existe unha resolución de 12 de decembro de 2014 onde se prohibe a extracción exclusivamente no banco Carniceiro que dura ata o día 18 de decembro de 2014, cando unha nova resolución levanta o peche. O día 29 de xaneiro deste ano péchase con carácter cautelar exclusivamente a zona delimitada pola liña imaxinaria que une o extremo da dársena de Oza co mirador do paseo marítimo da praia de Santa Cristina cara ao interior da ría do Burgo, prolongándose ata 13 de febreiro de 2015,



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momento en que é levantado o peche. A isto sumouse o peche administrativo que provocou que estivera pechada a segunda quincena de febreiro pola presenza de biotoxinas.

Porén, ante esta situación, encontrámonos coa pasividade da Consellaría do Medio Rural e Mar, que non foi quen ata a data de detectar as causas dos anteriores derrames e co actual tampouco está a desenvolver unha acción dilixente para localizar aos responsables deste vertido.

Polo que respecta ao último vertido, dase a circunstancia, ademais, de que a detección do mesmo coincidiu coa decisión de Repsol de pechar o seu pantalán número 4 no porto da Coruña.

A comezos de ano a Autoridade Portuaria da Coruña comunicou a Repsol que se estaban a producir anomalías na infraestrutura de atraque do pantalán. Segundo o Porto da Coruña e Repsol, o peche do pantalán produciuse para solventar problemas de mantemento, en concreto afirman que está inactivo dende o 2 de marzo para reparar uns pilotes, separados do pantalán, que serven para o atraque e que non ten a ver coa carga e descarga nin cos altos niveis de hidrocarburos detectados na ría. A petroleira asegura que toda a auga que se xera polo lastre dos petroleiros vai directamente, a través de canalización, á refinería que Repsol ten na Coruña. Porén os mariscadores demandan que se estude calquera conexión entre o peche do pantalán e a contaminación e, nese sentido, urxen a que se faciliten os resultados do verquido anterior.

Cos medios con que conta tanto o Goberno central como a Xunta, non debería ser moi complicado determinar a causa e responsábeis. A Consellaría fala de que non dispón de datos para proceder á nova apertura pero nada di das medidas adoptadas para esclarecer os feitos e esixir responsabilidades nin das medidas adoptadas para que os mariscadores non sexan, unha vez máis os que sufran as consecuencias deste episodios, que non é outra que deixar de traballar e quedar sen ingresos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza:

1.- Estudar a posíbel conexión entre as razóns que motivaron o peche do pantalán nº 4 de Repsol no Porto da Coruña e a contaminación detectada, informando publicamente das conclusións.

2.- Dar a coñecer de inmediato os resultados das investigacións realizadas para determinar as causas do anterior vertido de hidrocarburos detectado no mes de febreiro.

3.- Tomar cantas medidas sexan necesarias para evitar novos vertidos por hidrocarburos na ría da Coruña.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2015

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Viceportavoz do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Rodas Chapela na data 12/03/2015 14:14:57

Ana Belén Pontón Mondelo na data 12/03/2015 14:15:11

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 12/03/2015 14:15:16

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao través da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á realización dun censo de vivendas baleiras no país.

Exposición de motivos

O rexistro único de demandante de vivenda a data 12 de marzo do 2015 rexistra a cifra de 14.039 persoas demandantes. Número significativo malia as depuracións censuais practicadas polo goberno Núñez Feijóo e o colapso da política de construción de vivendas de protección oficial.

A Xunta de Galicia coñece os datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE) sobre o número de vivendas baleiras existentes no noso país. Unha fracción delas vulnera os dereitos constitucionais á unha vivenda digna e a non especulación cun ben básico. O INE define a vivenda baleira como aquela que permanece sen ser ocupada, dispoñible para a súa venda ou aluguer, ou incluso abandonada.

Os datos recompilados polo INE arrojan a cifra de vertixe de 299.396 inmobles baleiros, preto dun 30% do censo de edificacións. O crecemento deste parque de vivendas sen uso foi tres veces superior á media estatal. Galicia ten o 18,6% do seu parque de vivendas sen uso algún. Galicia suma o 8,7% das vivendas desocupadas de todo o Estado, ben por riba da media estatal.

Dos datos extraídos do estudo do Valedor do Pobo sobre vivendas protexidas baleiras do ano 2013 se desprenden conclusións desacougantes ao respecto da insuficiencia de información por parte da Xunta, do grao de control das devanditas vivendas e da situación real de dispor nese intre de 984 vivendas de protección autonómica con cualificación definitiva ao abeiro do plan estatal 2009-12. Cifra moi insuficiente para atender a demanda rexistrada de solicitantes de vivenda. O estudo sinala que había 289 vivendas baleiras dispoñibles (e 447 vivendas de promoción pública vacantes a primeiro de xuño do 2012).

Estudo que recoñeceu a inexistencia dun rexistro especial de vivendas desocupadas, ou a falla de datos sobre as actuacións inspectoras para garantir que as vivendas protexidas estén ocupadas polos seus lexítimos adxudicatarios e que cumpren a función de residencia habitual e permanente.

O cumprimento por parte da Xunta de Galicia das súas competencias en materia de vivenda recollidas no artigo 27 do Estatuto e o mandato constitucional prescrito no artigo 47, acerca do dereito a dispor dunha vivenda digna e axeitada e para impedir a especulación padece diante da realidade referida supra.

As vivendas baleiras non poden restar ao albur da especulación do mercado capitalista sen que as autoridades públicas desenvolvan as actuacións pertinentes para conxugar o dereito do propietario co uso social deste ben básico que é a vivenda, sen a cal non hai condicións para disfrutar dunha vida digna. Mais cando o país segue a sufrir o escándalo dos desafiuzamentos de familias traballadoras.

Polo exposto, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a elaborar un rexistro especial de vivendas baleiras.

En Compostela, a 12 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 12/03/2015 14:10:42

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, ao través da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao xulgado de vixancia penitenciaria de Lugo.

Exposición de motivos

As carencias que sofre a administración pública de xustiza galega lesionan aos dereitos da cidadanía a dispor dunha xustiza efectiva e agravan as condicións de traballo do persoal público e dos profesionais dese sector.

Alternativa Galega da Esquerda presentou xa varias iniciativas relativas á situación do partido xudicial de Lugo, que necesita da creación de novos órganos xudiciais, do mantemento e ampliación dos reforzos e dunha meirande dotación técnica e económica para poder prestar nas debidas condicións un servizo público esencial.

No eido do xulgado de vixancia penitenciaria de Lugo hai que sinalar o descomunal aumento dos asuntos pendentes ao remate do ano 2013, que como recolle a memoria dos xulgados e tribunais galegos pasou de 374 asuntos pendentes a 950. Todo elo nun contexto xeral no nivel galego de incremento dos asuntos pendentes (de 1.921 a 2.710, alza no que a situación do xulgado de Lugo é determinante).

Cómpre unha actuación da Xunta inmediata para remediar estas eivas. Por todo elo, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a reforzar a plantilla e os medios materiais do xulgado de vixancia penitenciaria de Lugo.

En Compostela, a 12 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 12/03/2015 14:51:01



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa a superar as carencias materiais e técnicas do xulgado de vixilancia penitenciaria de Lugo.

Exposición de Motivos

As carencias que sofre a administración pública de xustiza galega lesionan aos dereitos da cidadanía a dispor dunha xustiza efectiva e agravan as condicións de traballo do persoal público e dos profesionais dese sector.

Alternativa Galega da Esquerda presentou xa varias iniciativas relativas á situación do partido xudicial de Lugo, que necesita da creación de novos órganos xudiciais, do mantemento e ampliación dos reforzos e dunha meirande dotación técnica e económica para poder prestar nas debidas condicións un servizo público esencial.

No eido do xulgado de vixilancia penitenciaria de Lugo hai que sinalar o descomunal aumento dos asuntos pendentes ao remate do ano 2013, que como recolle a memoria dos xulgados e tribunais galegos pasou de 374 asuntos pendentes a 950. Todo elo nun contexto xeral no nivel galego de incremento dos asuntos pendentes (de 1.921 a 2.710, alza no que a situación do xulgado de Lugo é determinante).

Doutra, a xefatura territorial de xustiza coñece os problemas que lastran o traballo do persoal adscrito ao xulgado de vixilancia penitenciaria. O emprazamento deste xulgado unido á falla dun sistema de climatización supón un intolerable problema no día a día das traballadoras e traballadores do xulgado obrigados a sufrir a alternancia de frío e calor sen protección algunha.

Traballan nunha situación indesexable á que hai que engadir a falla de equipamento do centro e dunha aplicación específica dentro do sistema Minerva coas consecuencias negativas que se desprenden desta imprevisión e carencia, que obriga a que calquer dilixencia se teña que tratar cun procesador de texto externo.

Cómpre unha actuación da Xunta inmediata para remediar estas eivas. Por todo elo, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a achegar os recursos necesarios para resolver o problema de falla de climatización do espazo do xulgado así como a dotalo dunha aplicación específica do programa Minerva.

En Compostela, a 12 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 12/03/2015 15:07:02

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, Manuel Vázquez Fernández, María Quintas Álvarez, Carmen Acuña do Campo e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5. do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique o antes posible redución na apertura da residencia de tempo libre do Carballiño.

A residencia de tempo libre do Carballiño reduciu nos últimos anos o seu tempo de apertura de xeito drástico, cun impacto negativo nos traballadores e traballadoras da residencia (27 familias) e unha caída considerable de actividade neste concello e o seu contorno, provocando perdas económicas para o conxunto do comercio local e a hostalaría .

No DOG vén recollido que para este ano 2015 só se ofertan prazas en xullo, agosto e setembro, polo que as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é o motivo desta redución na apertura da residencia de tempo libre do Carballiño?

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2015

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Manuel Vázquez Fernández
María Quintas Álvarez
Carmen Acuña do Campo
Raúl Fernández Fernández

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 16/03/2015 13:19:43

Manuel Vázquez Fernández na data 16/03/2015 13:19:52

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 16/03/2015 13:20:00

María del Carmen Acuña do Campo na data 16/03/2015 13:20:05

Raúl Fernández Fernández na data 16/03/2015 13:20:10



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Xosé Manuel Beiras Torrado, Yolanda Díaz Pérez, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez García, Eva Solla Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso e Ramón Vázquez Díaz, integrantes do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente**, relativa

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Os datos que non cesan de publicarse relativos á trama de corrupción político-empresarial que envolve a altos cargos da Xunta e do PP, a empresas vencelladas con este partido e a recoñecidos emprendedores no eido da “consecución”, na trama de corrupción coñecida como operación Zeta, segue a furar no crédito das institucións democráticas e a dañar as arcas públicas, tanto pola fraude nos fondos públicos cometida pola propia trama canto a causa do bloqueo e posible perda de fondos comunitarios a conta das pescudas e controis da UE.

A preocupante falla de reacción da Xunta de Galicia diante das novas indagacións xudiciais respecto de persoas como a conselleira de benestar ou do “conseguidor” Ramón Lucas Blanco retratan de xeito adverso no plano ético a un goberno progresivamente asediado polos casos de corrupción, e cuxa práctica oscila entre a opacidade e a hipocrisía, amolos dous elementos usados na procura de impunidade para os responsables políticos. Impunidade que a cidadanía repudia polos prexuízos éticos e económicos que ocasiona á cidadanía galega.

Xa que logo, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que contempla facer o goberno galego para clarexar todos os extremos da trama de corrupción política-empresarial coñecida como Operación Zeta e depurar todas as responsabilidades políticas que se derivan dela?

Compostela, a 16 de marzo do 2015.

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/03/2015 14:35:22

Yolanda Díaz Pérez na data 16/03/2015 14:35:29

Jose Javier Ron Fernandez na data 16/03/2015 14:35:34

Anton Sánchez García na data 16/03/2015 14:35:40

Ramón Vázquez Díaz na data 16/03/2015 14:35:47

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/03/2015 14:35:50

Eva Solla Fernández na data 16/03/2015 14:35:52

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luís Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e normas complementarias do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que valoración fai das dimisións producidas na Comisión de Bioética, dependente da Consellería de Sanidade?

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2015

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 16/03/2015 11:15:30



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 29 de Xaneiro do 2002, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Como valora que o partido que vostede preside presente ás vindeiras eleccións municipais numerosos candidatos/as imputados/as?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2015

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/03/2015 13:55:46



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Vicevoceira do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, Voceira aos efectos da formulación da pregunta ao Presidente, ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias de 29 de xaneiro de 2002, presenta a seguinte **PREGUNTA dirixida ao Presidente da Xunta de Galicia, para a súa resposta oral no Pleno.**

- Que actuacións vai executar o presidente da Xunta para reverter a situación crítica da sanidade pública galega?

En Compostela, a 16 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 16/03/2015 15:02:50

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Consuelo Martínez García, deputada e voceira do G.P. MIXTO, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias de 29 de xaneiro de 2002, presenta a seguinte **pregunta** dirixida ao **Presidente** da Xunta de Galicia, para a súa resposta oral no **Pleno**.

A crise económica, o desemprego e os recortes orzamentarios que afectan ao sistema de saúde pública contribuíron a un aumento alarmante do número de suicidios en Galicia. O pasado ano houbo en Galicia 390 vítimas de suicidio, o que representa unha taxa de 14 por cada 100.000 habitantes, moi por riba da media do Estado

O número de suicidios segue a aumentar debido á ausencia de medidas de prevención, de políticas activas de emprego, de programas de axuda a familias con dificultades, os salarios de miseria, os desafiuzamentos e o abandono dos servizos públicos e a súa posterior privatización.


— Que medidas concretas vai aplicar como Presidente de Galicia para reverter esta dramática situación?

No Pazo do Parlamento a luns, 16 de marzo de 2015


*Asdo.: Consuelo Martínez García
Deputada e Voceira do G.P. Mixto*

Asinado dixitalmente por:

1



María Consuelo Martínez García na data 16/03/2015 14:56:05



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPUESTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727